

Betanzos e Untia a comezos do século XIII

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Este traballo aborda a situación de Betanzos e Untia no tempo do traslado da vila de Betanzos ao Castro de Untia en 1219, por privilexio dado polo rei Alfonso VIII de León e Galicia, e baseáase fundamentalmente nos documentos dos Tumbos de Sobrado e outros (transcritos nos apéndices en versión galega), desfacendo algunhas interpretacións erróneas que se teñen dado anteriormente.

Abstract

This work addresses the situation of Betanzos and Untia at the time of the transfer of the town of Betanzos to the Castro de Untia in 1219, by a privilege given by King Alfonso VIII of León and Galicia, and is based mainly on the documents of the Tombs of Sobrado and others (transcribed in the appendices in the Galician version), correcting some misinterpretations that have existed previously.

O DOCUMENTO DA TRASLACIÓN DE BETANZOS

O 13 de febreiro de 1219 o rei Adefonsus de León e Galicia, oitavo do seu nome, asinaba na localidade leonesa de Valencia o documento que autorizaba o traslado da vila de Betanzos ao castro de Untia.

Este documento fora publicado en 1909 polo erudito bergondés César Vaamonde Lores na súa obra *Ferrol y Puente de Ume* e máis tarde, en 1944, por Julio González, historiador do reinado dese monarca na súa obra en dous volumes *Alfonso IX*, se ben ambos fixérono no latín no que fora redactado polo «notario do señor rei», o mestre Miguel. O primeiro tomouno da copia recollida no Tumbo das Cascas (redactado entre mediados do século XVII e finais do XVIII) pertencente ao convento das Donas, que chegou ao seu poder e logo depositou na Real Academia Galega, da que era arquivado. O segundo copiouno no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, onde se atopaba con outros documentos que pertenceron ao mosteiro de Sobrado, e cita coa signatura Sobrado, R-34.

Máis recentemente, logo de infrutuosa búsqueda no citado arquivo madrileño, o cronista oficial betanceiro José Raimundo Núñez Lendoiro atopouno en 1983, reclasificado na sección do Clero-538-número 8, e en 1985 publicouno, xunto con José Enrique Rivadulla Porta, no «Cuaderno de Cultura» de *La Voz de Galicia* (20-VI-1985) traducido ao español, e no libríño-programa das Festas patronais dese ano publican os dous de novo a transcripción do texto latino e a tradución española, coa colaboración do crego Manuel Ares Faraldo, acompañando unha fotografía do documento. Tamén o recollen no tomo I da súa *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros*, que leva datación de 1984 máis de difusión posterior (no colofón di que se rematou de imprimir o 31 de decembro).

Con anterioridade publicara en 1966 unha tradución ao español (parcial, pois falta a parte final das testemuñas) Juan de Jesús Vázquez no seu libro *Monasterio Cisterciense de Sta. M.ª la Real de Sobrado*, copiada do Tumbo das Cascas.

O curioso é que as tres edicións citadas do documento latino conteñen erros de diversa importancia. A transcripción de César Vaamonde contén varios erros en diversas palabras,

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino* dende 1983.

comparadas coas outras dúas, erros que xa están na propia copia consultada do Tumbo, como se pode ver na transcripción deste que fixo Santiago Daviña en varios números do *Anuario Brigantino* e concretamente, do aludido documento, no n.º 25 de 2002.

A de Julio González, ademais de algunhas palabras mal transcritas, ten un grave erro nas testemuñas, quizais achacable a un salto de liñas tipográfico, onde faltan dúas das testemuñas e outra aparece cun cargo diferente ao que en realidade tiña. Ademais omite a verba «Magister» diante do nome do notario real.

A de Núñez Lendoiro e Rivadulla Porta debe ser a transcripción máis fiel aínda que presenta tamén unha eiva grave: a falta dunha liña e pico (catorce palabras) no texto latino que, sen embargo, está traducida na versión española. Parece un erro inadvertido, pois tamén se atopa en «La segunda fundación de Betanzos», asinado agora en solitario por José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro no sitio www.cronistadebetanzos.com (última consulta: 17-X-2018) coa mesma falta citada.

O documento («carta») está confirmado e validado co selo real rodado: «+ SIGNUM ILLUSTRIS ADEFONSI REGIS LEGIONIS ET GALLECIE». A ambos lados do selo real, que é o que máis destaca visualmente do documento, figuran as testemuñas en dúas columnas. Na primeira, o arcebispo compostelán e os bispos de Oviedo, León, Ourense, Tui, Lugo, Astorga, Zamora, Salamanca e Cidade Rodrigo. Na segunda, os condes e vasallos do rei, o abadeirado («signífero») real e tenente dos territorios de Trastamara, Monterroso e Toronio; os tamén tenentes de Montenegro; Limia e Sarria; o maiordomo e tenente de Extremadura; o de Maiorga e Coria; o de Sanabria e Benavente; o de Mansilla e Castroterra. Nunha liña inferior ao selo, o arquidiacono salmantino e tenente da chancelería e o notario real mestre Miguel. É dicir, o poder relixioso por un lado e por outro a nobreza civil dos territorios reais daquel momento.

O documento que o rei Alfonso corrobora, confirma e valida co seu selo, recolle o cambio da vila de Betanzos para o castro de Unctia a petición dos seus moradores. E dado que o territorio era daquela propiedade do mosteiro de Sobrado, compensa ao abade e comunidade de dito mosteiro coa cuarta parte das rendas e proveitos da vila e que a ela pertenceran «tanto por mar como por terra», así como a metade de todas as capelas que no futuro se construíran. O mosteiro quedábase unicamente co terreo onde tiña un hórreo e un corral. Impoñía o monarca penas aos infractores de pago de dobre cuantía ao abade do mosteiro e mil «morabetinos» á parte rexia e aínda penas perpetuas no inferno, non en balde testemuñaban nove bispos e un arcebispo (Apéndice XX).

«ADEFONSUS REX LEGIONIS ET GALLECIE»

Antes de seguir adiante queremos aclarar quen é este monarca e a súa titulación, ben clara neste privilexio que nos ocupa: «Rex Legionis et Gallecie». Pese a iso, insítese en anular a referencia a Galicia e denomínoa unicamente rei de León. Mesmo o concello de Betanzos nos actos recentes da celebración do oitavo centenario utilizou sistemáticamente esta denominación, incluso na reprodución do privilexio do traslado onde o monarca se autotitula Rei de León e Galicia, ignorando este feito a asumindo unha mutilación histórica.

No documento de autorización do traslado da Villam de Betanciis o monarca non figura con ningún ordinal, apenas «Adefonsus Rex» no texto e «Adefonsi Regis Legionis et Gallecie» no seu selo. Iso era o habitual nos documentos reais. Os ordinais viñeron despois, cando os cronistas e historiadores se atoparon con nomes de monarcas repetidos.



Miniatura do Tumbo A da Catedral de Santiago (fragmento) co encabezamento
«Inclitus:Adefonsus:Rex:Legionensium:et Gallecie:»

O noso Adefonsus Rex era fillo de Fernando (o segundo do seu nome), tamén rei de León e Galicia, e neto de Alfonso VII, coroado solememente rei de Galicia na catedral de Santiago sendo aínda neno e, posteriormente de León (onde se coroou emperador, aínda que sen validación internacional ao non intervir o Papa) e de Toledo. Pai e fillo están enterrados no panteón real da catedral de Santiago de Compostela. Entre seu avó e el non houbo ningún rei de León e Galicia que compartise o nome, polo que se o seu avó era o sétimo dos Alfonsos, Afonsos ou Adefonsus, el era o oitavo e non o noveno.

Qué foi o que pasou, pois, para que na monarquía galaico-leonesa dun sétimo Alfonso se pasara a un noveno, saltándose un oitavo? Pois aquí entra en xogo a historiografía castelá, que dende unha orientación centrípeta interpretou a cronoloxía dos reis, facéndoos encadrar nun continuum que tiña por finalidade a coroa de Castela e posteriormente a monarquía hispana unitaria.

A antiga provincia romana de Gallaecia convertiuse no ano 409 no primeiro reino (regnum) da Europa romanizada coa chegada do pobo suevo dende as beiras do Danubio, que asina un pacto cos romanos e manterá un reino propio (con divisións e reunificacións) ata o ano 585. Así pois, entre o comezo do século V e o final do VI, a Galicia actual (encadrada nunha máis ampla Gallaecia) tivo os seus propios reis. Tivo logo Galicia reis «en» Oviedo e reis «en» León, titulándose reis de León e de Galicia os dous últimos: o Alfonso que nos ocupa



Fernando II e o fillo Alfonso VIII
no Tumbo de Toxos Outos. A.H.N.


e o seu pai Fernando. Foi unha etapa brillante da historia de Galicia, propiciada polo poder político aliado co religioso: construción das catedrais románicas (Santiago, Mondoñedo, Lugo, Tui e Ourense) e innumerabeis igrexas, o apoxeo da rota xacobeá, progreso da agricultura e do comercio, nacemento das cidades e dos seus concellos, eclosión da lingua galega que florece coas cantigas (de amor, de amigo, de escarnho e maldizer) complementada con interesante literatura en latín (a *Historia Compostelana*, o *Códice Calixtino*).

Mais, pese a que nas crónicas árabes e europeas Galicia é recoñecida como rei-

no e mesmo, nun principio, como o territorio non ocupado polos musulmáns (Jalayquia fronte a Hispania), a historiografía española foi esquecendo a orixinalidade de Galicia, negándolle mesmo a condición de reino, inventando mitos que pasan como fitos históricos (Reconquista, don Pelayo, El Cid...), e desvirtuando os procesos histórico-políticos medievais.

Ao englobarse Galicia, xunto con León, na coroa de Castela (con Fernando III en 1230) e perder poder e representación política, perdeu tamén a capacidade de reivindicar o seu pasado histórico. Só na segunda metade do século XIX vai xurdir con Murguía e, en parte, con Vicetto a necesidade de explicar a historia de Galicia, ás veces en contradición coa historiografía unitaria española que comeza a implantarse tamén por eses anos con Modesto Lafuente. Vicetto (1871:170-178) denomina a este neto de Alfonso VII e fillo de Fernando «nuestro Alfonso VIII», en relación á «monarquía de León y Galicia», e considera «injustificable» a atribución ao rei coetáneo de Castela do nome de Alfonso VIII, cando era en realidade o primeiro Alfonso na coroa de Castela. Do mesmo xeito, xa cos reinos unificados, denomina ao rei Sabio Alfonso IX, neto do galaico-leonés.

Xusto cando comeza a reinar en León e Galicia o rei Fernando, o segundo do seu nome, faino tamén en Castela Alfonso, triunfador da célebre batalla das Navas de Tolosa contra os almohades, a quen os cronistas casteláns denominarán posteriormente Alfonso VIII, acumulando os Alfonsos galaico-astur-leoneses, mais non os da coroa de Aragón. Cando o noso Alfonso sucede ao seu pai Fernando na coroa de Galicia e de León aínda reina en Castela Alfonso VIII, o das Navas, curmán seu. O noso Alfonso era tamén o oitavo dos territorios leoneses e galegos, mais os historiadores españois adxudicáronlle a posteriori o ordinal IX para encadrar as cronoloxías, de xeito que o seguinte Alfonso de Castela e León (o chamado O Sabio e neto do noso Alfonso) pasou a ser coñecido polos cronistas como Alfonso X. Mais isto non foi sempre así, pois no código legislativo de «Las siete partidas»



Tres edicións de «Las Siete Partidas» datadas en 1611, 1789 e 1829 e atribuídas ao rei Sabio Alfonso IX. (Biblioteca Nacional de España).

que mandou colixir figura como «el Catholico Rey Don Alonso el nono», ou sexa o noveno; rei –por outra parte– de grato recordo para a nosa cultura pola aportación das súas «Cantigas de Santa María» en lingua galega. Na edición do incunable do código, impresa en Sevilla en 1461, O Sabio era o noveno, mais tamén en edicións posteriores (Salamanca 1565, Madrid 1611) figura como «Sabio Rey don Alonso el nono». Na edición de Madrid de 1843 suprimen «el nono» da portada, mais tampouco figura ordinal ningún, mentres que noutra do mesmo ano impresa en Barcelona mantense aínda o «Sabio Rey D. Alonso el IX». É dicir, que ata mediados do século XIX o rei Sabio foi Alfonso IX e non o seu avó.

A historiografía española non vai corrixir esta irregularidade histórica, pois afectaría a todos os Alfonsos posteriores, chegando ata Alfonso XIII, que se tería que quedar en XII. Mais aquí, por rigor histórico, teremos que falar de Afonso VIII de León e de Galicia para referirnos ao monarca que mudou ou autorizou o traslado da vila de Betanzos ao castro de Untcia o 13 de febreiro de 1219.

O historiador Julio González (Palencia, 1908-Madrid, 1991), grande estudoso dos reis Fernando e do seu fillo Alfonso, reivindica o reino leonés «*que no ha sido estudiado ni valorado debidamente*», fronte á interpretación castellana da historia, pois «*los historiadores han sido atraídos por Castilla*». Lamenta que incluso os coetáneos, como don Lucas de Tui (aínda que así chamado parece que era leonés e rematou como bispo de Mondoñedo) que en varias ocasións veu ao rei Alfonso, «*es un admirador de las personas castellanas representativas de la época*», pois «*su obra fué escrita en pleno triunfo de Castilla. (...) En los tiempos de la imprenta sólo el P. Risco se ocupó de Fernando II y de Alfonso IX*». A mesma reivindicación teríamos que facer nós con respecto a Galicia.

Julio González titula *Alfonso IX*, así sen máis, o seu estudo sobre o monarca. El sabe perfectamente, como gran medievalista, que non é o noveno Alfonso de León e Galicia senón o oitavo pero non quere contrariar a asentada historiografía española que o engloba e o converte en apéndice ou subsidiario dos reis casteláns. Sendo o máximo estudoso dese




Alfonso VIII e Berenguela, segunda esposa, no Tumbo de Toxos Outos. A.H.N.

monarca acepta a súa errónea denominación por non cuestionar o discurso historiográfico-cronolóxico que se impuxo no século XIX. Tampouco os anos de publicación da súa obra (1944-1945), cun franquismo trunfante, eran o mellor momento para reconsiderar o discurso histórico oficial dominante. Quizá temía a reacción dos seus colegas da Real Academia da Historia (á que non pertencía) ou polos seus postos no Arquivo Histórico Nacional, primeiro, e no Arquivo de Indias, despois. Xa Murguía, Vicetto e outros historiadores cuestionaran a incongruencia

injustificable desa numeración. E nunha historia de Asturias de finais do século XIX, dirixida por Octavio Bellmont e Fermín Canella (1897), cítase sempre a este rei (aínda que se refiren a el como rei de León unicamente) con dobre numeración: Alfonso VIII-IX, conscientes do erro iniciado polos cronistas casteláns. O mesmo fan algúns historiadores galegos actuais. Mais non se atreven a corrixilo totalmente.

Mais, por que o profesor González tampouco lle engade ao título do seu estudo «de León» ou «Rey de León»? Será porque el sabe, a través de toda a documentación consultada e os documentos que publica no segundo tomo, que non só era rei de León senón tamén de Galicia? Julio González omite reproducir privilexios rodados que terían o selo real coa lenda «Regis Legionis et Gallecie» como fai con outros nos que só figura como rei de León ou a de «Rex Hispanorum» do principio do reinado, que xa usara seu pai. E, aínda que di que houbo na última época un selo real con aquela lenda, ao falar dese tipo de documentos, os máis solemnes e completos, non entra a valorar o contido, máis preocupado pola calidade do trazo do debuxo do león ca do texto inscrito na roda. O que figura precisamente no documento da mudanza de Betanzos ao castro de Untia: «+Signum Illustri Adefonsi Regis Legionis et Gallecie».

Escasa simpatía amosa o autor por Galicia. Ao falar do territorio do rei Alfonso coloca primeiro a Asturias e logo di que «*sigue en antigüedad a ese reino el de la prolífera Galicia, con su topografía de laberinto brumoso*». Non sabemos a que antigüidade se refere. Se se trata de reino máis antigo, Galicia xa formara parte do reino suevo, o primeiro do occidente cristián. Por outra banda, a topografía de Asturias que diferencia ten do «laberinto brumoso» que atribúe a Galicia? E o de prolífera? Parece literatura e non argumentos de historiador.



Enterramento de Alfonso VIII no panteón real da catedral de Santiago (González, 1944)



Anverso e reverso do selo de cera de 1218 do rei Alfonso recomposto con fragmentos (González, 1944).

O reino de León era para González «*el de porvenir político y el más importante, tanto que daba nombre al conjunto, el único que por no permanecer cerrado podía y quería expansionarse por tierra como Castilla, y en definitiva el más evolutivo de la corona de Alfonso IX*». En cambio Galicia, «*En esta región, tan apta por su topografía e historia para no cumplir la ley y para el desafuero, destaca de manera considerable la acción del monarca, insuficiente para deshacer su constitución, pues la mayor parte estaba repartida entre el abadengo y los nobles*». Cando non omite mesmo o nome de Galicia e se refere a ela como «*la parte vieja*», o que quer dicir, en realidade, que aquí estaba a orixe do reino: «*En la parte vieja, fraccionada por múltiples señoríos, surgieron concejos tan fuertes como los de Monforte, Allariz, Bayona y La Coruña*». Apenas hai alusión á lingua galega, nin sequera cando fala da poesía, unha das afeccións do rei, corte na que bulían os poetas galegos e provenzais. Fala de romance e de linguaxe popular, «*que durante este reinado pasó a ser no sólo vehículo definitivo de la poesía, sino también de los documentos particulares al final del reinado*», dun xeito ambiguo sen aclarar a que lingua romance se refere. Equipara a San Salvador de Oviedo con Santiago de Compostela ao falar das peregrinacións e evita a denominación Camiño de Santiago. Baixo a lenda «Reino de León», inclúe un mapa que elabora con todos os territorios nos que reinaba Alfonso ao final da súa vida, no que o nome de Galicia nin sequera figura.

Despois de chamalo durante toda a obra rei de León, hai un momento en que Julio González recoñece:

El título ordinario que usó es el de «Rei de León y Galicia por la gracia de Dios», y así encabeza sus documentos: «*Dei gratia rex Legionis et Galleciae*». Solamente en la fecha de los documentos, más bien en los particulares, suele decirse que se hacía reinando don Alfonso en León, Galicia, Asturias, Extremadura y Transierra; en algún caso extraordinario aparece encabezando así sus actos el rei, como en la curia extraordinaria de 1208. A veces llega a usar sólo el título de rei de León, pero no he visto el caso en que se titule sólo de Galicia, a pesar de lo cual en tierra de Campos de Castilla lo distinguen a veces como Alfonso el Gallego, y así también en otras regiones. (González, 1944:307).



Fonte: Elaboración propia a partir de J. González (1945).

Tivemos a paciencia de mirar e anotar en toda a «rexesta» alfonsina a titulación coa que figura o rei Alfonso. Pois ben, velái o balance. A colección diplomática que publica Julio González abrangue un total de 680 documentos. Tendo en conta que en varios deles aparecen dobres fórmulas (unha no inicio ou «subscrición», outra no remate ou «corroboratio») e outras particularidades que non veñen agora ao caso, e que dan un total de 729 citacións, temos o seguinte: Figura

unicamente como rei de León en 173 documentos (23,6 %) mentres que como rei de León e Galicia aparece en 479 documentos (65,3 %). Ademais Galicia figura, aparte de León, con outros reinos (Asturias e Extremadura) en 77 documentos máis, o que fai un total de 556 documentos nos que aparece como rei de Galicia (75,8 % do total). Non se pode dicir, pois, que era rei exclusivo de León. Aínda máis, se temos en conta que moitos documentos nos que só figura como rei de León non son orixinais e si copias posteriores, existentes en mosteiros da zona leonesa, é moi probable que os copistas suprimisen a relación a Galicia, deixando unicamente León. Se facemos abstracción deses documentos non orixinais a porcentaxe dos que aparece unicamente como rei de León descendería.

A VILANOVA DE BETANCIIS NO CASTRO DE UNTIA

O territorio para o cambio da vila de Betanciis que o rei Alfonso «requisa» ao abade Henrico e ao mosteiro de Sobrado ven delimitado no privilexio real de 1219 deste xeito:

Vós, abade e convento do dito mosteiro, dádesme a min neste intre para a poboación de dita vila o sobredito castro de Uncia e todas as outras herdades que tedes no arredor do mesmo castro, ou sexa, pola fonte que está na ribeira do río Mandeo perto da ponte de Uncia e de alí cara arriba polo vieiro antigo e de alí polo camiño que leva ao voso hórreo, agás o propio hórreo co seu corral, e de alí de xeito que encerran ao propio castro e as anteditas propiedades os dous ríos dun lado e outro.¹

A expresión «vallem antiquam» foi traducida ao español de forma excesivamente literal por «valle antiguo» cando é evidente que aquí non existe ningún val. Na nosa opinión aquí «vallem» equivale a vieiro, congostra, corredoira ou similar.

O hórreo citado debeu ser importante, agrandado quizais coas rendas que o mosteiro recollía da nova poboación, sendo lembrado a través do tempo e dando lugar á rúa do Hórreo nas proximidades de onde debeu estar aquel, denominación que chegou ata nós, ao igual que á porta do Hórreo, un postigo lateral na muralla que baixaba á devesa de Cachiñas. E a fonte continúa no mesmo emprazamento, transformada en varias ocasións de fonte de mina, a pozo (que deu nome á rúa do Pozo) e novamente fonte reformada (tamén deu nome á rúa da Fonte de Unta).²


1 Véxase o documento completo en apéndice XX.

2 Sobre a fonte de Untia véxase TORRES e GARCÍA (2012:83-89).



Privilexio do rei Alfonso de León e Galicia con selo rodado. 13 de febreiro de 1219.
A.H.N. CLERO-SECULAR_REGULAR,CAR.538,N.8_01

Comentamos xa a compensación que o monarca establecía para o mosteiro de Sobrado (que non era escasa, certamente) e tamén das penas económicas e condenación eterna aos infractores. Todo indica que o monarca e o mosteiro van xuntos da man nesta operación repoboadora. Canto máis prosperase a nova vila, cousa que perseguía o rei Alfonso na súa política de repoboación e creación de vilas costeiras, máis beneficios tiraría Sobrado que, lembremos, levaba a cuarta parte de todas as rendas e proveitos por mar e por terra e a metade das capelas que se construíran, pois o terreo naquel momento situábase na freguesía de San Martiño de Brabío (Brabío no nomenclator oficial de Galicia). E se importantes serían as rendas agrarias e do comercio, non menos importantes foron as gañancias da pesca como acredita a existencia do potente gremio de mareantes. A comunidade de Sobrado, ademais de dirixir unha enorme explotación agropecuaria supracomarcal tamén tiña intereses nas vilas que se crean ou consolidan nesta época, como ocorría mesmo na Coruña onde tiña casas e propiedades. O choque de intereses daríase tamén entre o mosteiro e as



Elementos citados e itinerario no documento do traslado de Betanzos. Elaboración propia.

autoridades de Betanzos segundo este ía medrando, pois a doazón real establecíase para sempre («in perpetuum»).

Hai cousas importantes das que o documento non dá información: Dende onde muda o rei a vila de Betanciis, ou onde se atopa esta, e se existían moradores xa no castro de Unctia ou Untia. Tampouco nos di cando lle fixeron a petición os habitantes da vila de Betanciis e quen son os dirixentes ou representantes desa vila que a presentan.

Segundo é tradición a vila primitiva estaría situado no outeiro ou castro de Tiobre, onde aínda hoxe existe un rueiro que leva o nome de Betanzos o Vello, situado xa na pendente e con máis traza de arrabal que da propia vila. Mais o feito de non existir restos claros da antiga poboación e non terse realizado nunca prospeccións arqueolóxicas no entorno, pode levar a dúbidas. Por outra parte, tampouco hai ningunha posible alternativa a esta ubicación nin ninguén a cuestionou.

Existían moradores xa no castro de Untia antes de 1219? Se os había e non eran servos do mosteiro, propietario das terras, pagaríanlle rendas a este e polo tanto serían feudatarios seus. Non ten sentido que estes pediran o cambio de ubicación da vila. Só uns moradores que gozaran de dereitos reais como viciños dunha vila creada por un monarca anterior poderían solicitar o traslado a outra ubicación próxima que consideraban máis idónea e favorable para desenvolverse naquela etapa histórica. Tampouco hai constancia de que Sobrado tivese algunha casa no castro, apenas un hórreo para curar o grao e un corral para o gando. Si a tiña, en cambio, noutro entorno de Untia como veremos máis adiante.

Con respecto á última cuestión -a petición dos habitantes- sábese que o rei Alfonso VIII de León e Galicia estivo en Betanzos antes da translación alomenos en dúas ocasións por documentos datados aquí. Unha, vindo de Lugo o 27 de abril de 1216 en que doa ao mosteiro asturiano de Val de Deus o lugar de Peón en carta «datum in Betancios» (González, 1945: 438, doc 333). Outra, o 16 de abril de 1218, vindo de Pontevedra camiño da Coruña, cando excusa de certos tributos ao mosteiro de San Martiño de Santiago en carta feita «apud Betancios» (González, 1945:471-2, doc 359).

En calquera desas dúas ocasións poideron os viciños ou o seu concello facerlle ao monarca a petición que remataría concedendo pouco despois dende Valentia, actual Valencia de Don Juan, e que encaixaba moi ben coa súa política de repoboación.

Xa concedido o traslado puido pasar o rei Alfonso polo novo Betanzos en ocasión doutras visitas á Coruña (documentadas en 2 de setembro de 1221, 7 de marzo de 1223, 26

de abril de 1225 e de finais de xuño a principios de agosto de 1228) e comprobar en persoa e in situ os avances da poboación, aínda que daquela non asinase aquí documentos, e a necesidade de máis terreo para expansionarse. Quizais por iso decide arredor de 1229 darlle ao mosteiro de Cis toda a freguesía de Santa María de Sarandóns a cambio da heredade que pertencía ao mosteiro «in populacionem de Castro de Uncia infra fossatum de aqua in aqua» (González, 1945:689-690)³. É dicir, o terreo que ía por baixo do foso do castro entre o Mandeo e o Mendo.

APRIMITIVA UBICACIÓN DE BETANZOS

Vicetto publicou na súa «Historia de Galicia» (tomo V, apéndice, Ferrol, 1871) un documento que lle fora facilitado polo betanceiro Baltasar Peón, quen daquela gozaba fama polo seu «Tratado de Cronoloxía universal» (Madrid, 1864), sobre a cidade de Betanzos, a súa fundación primeira e a segunda, pois Vicetto cando tiña documentos utilizábaos e deixaba a literatura e as elucubracións a un lado. O manuscrito fora copiado por Peón do que existía no arquivo do



O Pozo-fonte de Untia na década dos vinte da pasada centuria. Torres e García (2012). AMB.

mosteiro de San Martiño Pinarío de Santiago, caixón 19. Nel dise que ao castro de Untia mudouse a antiga poboación «*el año de 1214 [erro de copia, seguramente, por 1219], con licencia y facultad del rey Don Alonso a quien sospecho llamaron el Bueno*», que o sitio era de Sobrado, e a compensación real aos monxes que xa citamos. O redactor afirma que «*Esto hallé en el becerro del dicho monasterio de Sobrado adonde más largamente se contiene, pero por que para nuestro intento basta lo dicho...*»

Xa moito antes, o seu contido era coñecido polo presbítero de Tiobre e afeitoado ás cousas da historia, aínda que co rigor propio da época, Manuel Antonio Verín e Seixas: «*...en el Año de 1812 y Viernes de los Dolores día 20 de Marzo llegó a mis manos un manuscrito copiado a la letra de la historia de la Ciudad de Betanzos sacado del Archivo de el Real Monasterio de San Martín de Santiago y Cajon 19*».

Verín copiouno e anotouno tamén con aclaracións e explicacións propias nun traballo vindicativo das orixes da cidade e a súa prevalencia ante A Coruña, que presentou ao Concello de Betanzos por se este tiña a ben publicalo. O Concello acordou darlle grazas e publicalo cando tivese fondos «suficientes ó sobrantes», traballo que posteriormente desapareceu da casa consistorial. Hoxe en día atópase no Arquivo municipal.

Co tempo saberíase que o tal documento fora redactado por Jerónimo del Hoyo e formaba parte dunhas «Memorias del Arzobispado de Santiago»⁴ que aquel redactara a

3 Véx. apéndice XXII. Aínda que o documento (n.º 595) está datado o 22 de abril de 1229, trátase dunha confirmación de Fernando III e Julio González anota que «El año no debe ser éste». Arquivo Histórico Nacional. Cines.

4 Editadas por Porto y Cia. editores en 1952 en Compostela, en 2016 fíxose unha edición facsimilar dos 545 folios orixinais e 3,7 kg de peso a cargo do Consorcio e da Universidade de Santiago.



«Betanzol-o Vello», na fala popular e rótulo castelanizado. Fotos do autor.

comezos do século XVII como «visitador» da diocese por encargo do arcebispo don Maximiliano de Austria, quen estivera de bispo en Segovia, de onde trouxo con el a Del Hoyo. Este debeu copiar mal a data que figuraba no libro becerro do mosteiro, erro que repetiron os seus copiadoreiros que poñen 1214, pois noutro libro posterior do mosteiro que recolle as doazóns reais, conservado no Arquivo Histórico Nacional, figura correctamente o ano 1219 e a era 1257 que consta no privilexio real do traslado.⁵

Jerónimo del Hoyo visitou Betanzos nos anos 1608, 1611 e 1613, segundo di no seu escrito. Nel fala por extenso da «*ciudad de Betanços y su fundación primera*» (coa fantasía propia dos falsos cronicóns), da segunda fundación no castro de Untia e dos privilexios reais, das igrexas e mosteiros, da nobleza e casas señoriais, da súa riqueza («*aunque al presente está pobre, como todas las demás de España*»), iso que aínda non ocorrira o terrible incendio de 1616), do hospital da Anunciata, da obra pía de Juana Díaz de Lemos e da ermida de Nosa Señora do Camiño («*uno de los santos santuarios de España*» que por entón vía rematada a súa obra). Del Hoyo coñecía o privilexio do traslado de Betanzos, que «*esto hallé en el becerro del dicho monasterio de Sobrado adonde más largamente se contiene*», e tamén di que, no relativo aos dereitos a cobrar polo mosteiro, «*este feudo no se paga hoy día ni hay memoria del año en que se perdiere*». Reférese Jerónimo del Hoyo á ubicación do antigo Betanzos en San Martiño de Tiobre deste xeito:

El dicho sitio se llama hoy día Betanços o Vello, y allí se hallan ruinas de edificios, piedras labradas, ladrillos antiguos y paredones en hilera y orden de calles, aunque con el mucho tiempo y falta de moradores hay poca luz de esta verdad, si bien me dieron manifiesto testimonio la antigua tradición y papeles del archivo.

O cura Verín lembra ademais unha «*Moneda que se halló del Rey don Alonso, que yo ví*» e mesmo debuxa as súas caras, aínda que localiza o achado na lindeira parroquia de Obre, e

...los monumentos antiguos de sepulcros, o Nichos que yo acuerdo, y vi alrededor de dicha Iglesia de Tiobre, y se deshicieron habrá unos veinte años, los que estaban colocados con sus cubiertas de piedra de cantería, y algunos sobre 4 columnas labradas, y su cubierta tenía unha figura de cruz sin otro labor. (...) Los mismos Nichos había alrededor de una capilla

⁵ Copia de la fundación, donaciones reales y otras escrituras del monasterio de Santa María de Sobrado. 1734. Arquivo Histórico Nacional. CODICES, L 341. O monxe escribían, influído polos historiadores castelás, insiste aquí en chamarlle ao rei «don Alonso el nono de sola León».



que oy llamamos de San Pelaio, distante un tiro de bala de la Iglesia Parroquial, y por el extremo del campo de esta hermita aun hay una hilera de piedras puestas en orden, y por donde iba la muralla de la antigua ciudad, y abaxo hay un sitio estrecho entre dos alturas, que va dando la buelta, por detrás de la Capilla y hasta cerca de la Iglesia Parroquial al Levante, y en el extremo, o ultimo de este camino o sitio angosto se nota una Loma de tierra, que seria acaso algun fuerte de dicha Ciudad y su vista corresponde al castro viejo [o da Xerpe] que dexamos referido.

Sería interesante que se realizara nesta «Loma» unha prospección arqueolóxica que podería deitar algunha información sobre o que di Verín. Lembremos, con relación aos sepulcros, o sarcófago medieval que servía de pilón na fonte de San Paio (situada debaixo da antiga capela hoxe derruída) ata a pasada década dos noventa e que hoxe se atopa alí soterrado en cemento.⁶

O vello Betanzos tiña que ter un porto ou embarcadoiro, por pequeno que fose, nun lugar próximo. Fala o citado Verín e Seixas do que viu cando se comezou a abrir o Camiño Novo de Betanzos a Pontedeume e Ferrol no ano 1808, debaixo da aldea de Betanzos o Vello á altura da Fontañía, ao pé da fonte dese nome:

...en un callejon que baxa hasta el Juncal orilla del Rio Mandeo ya unido con el de las Cascas... se hallaron texas enteras, medias texas, paredones subterranos y otros indicios de que por alli hubo casas y habitaciones, y viven oy muchos sugetos que los vieron, y los del camino nuevo trabajando han descubierto esto, y tambien carbonos, etc, se remata este callejon en la baxada ultima con un promontorio de tierra, que está de viñedo, y aquel sitio llaman aun oy ó Porto (esto es el Puerto) y remata este promontorio con un portillo que va al Juncal, y llaman a este el Carregadoiro: vaxo del se halla aun una calzada, o empedrado por donde dicen subian a la Ciudad todos los generos que desembarcaban por Mar.

Posteriormente, a comezos do século XX, a construción do ferrocarril a Ferrol debeu acabar de destruír ou soterrar estes restos.

Case nada se sabe do «castelo de Betanzos», citado nun documento de 1211, antes da traslación, onde aparece como prestameiro do castelo de Betanzos don Pedro Bermúdez de Andrade. (Lamigueiro, 2018:246). Baixo a igrexa de Tiobre existe o sitio de «As Torres», á beira dos accesos dende Braxe e A Xerpe, que pode facer referencia a unha fortificación, mais non parece que exista evidencia de restos.

⁶ Torres e García (2012:170-172). O Concello debería desfacer esta «obra» e ver de recuperar o sartejo. Angel del Castillo (1923:284) xa se refería a este sarcófago hai case un século.

A VILA DE UNTIA E OUTRAS «VILAS»

No caso do Castro de Untia, temos que no momento da traslación de 1219 unicamente aparece o convento de Sobrado como propietario do mesmo, coa súa explotación agraria, hórreo e corral, sen que se cite casa ou casal. Mais tamén temos a vila de Untia (citada en documentos de Sobrado dende 1142) que, obviamente, non pode estar dentro do castro senón na súa proximidade.

Manuel Martínez Santiso na súa *Historia de la ciudad de Betanzos* (publicada en 1892 con edición facsímile de 1987), reférese á vila de Untia nunha nota ao pé da páxina 140:

Sobre la situación de la primitiva villa de Unta ó Uncia hay diversidad de pareceres: unos quieren que fuese por debajo de la actual iglesia de Santa María del Azogue, comprendiendo las que hoy se llaman calle de Clérigos, San Francisco, Cerca, etc.; y otros aseguran que comprendía un espacio entre la Fuente de Unta y los Ángeles, dando la vuelta por la Cruz Verde y Rollo.[...] Finalmente, hay quien sostiene que Betanzos ocupó siempre el mismo sitio que tiene en la actualidad.

Esta última opinión era a que defendía o historiador betanceiro, amparándose en Vicetto.

Segundo o documento de Tructino, do primeiro terzo do século IX (ano 830), entre as igrexas que pertencían á sede de Iria estaba no territorio de Pruzos a de San Martiño de Tiobre mais aínda non a de San Martiño de Bravío no de Nendos⁷. Un argumento máis a favor de Tiobre como localización do Betanzos primitivo. Outra igrexa do actual concello que aparece citada é a de Piadela e catro anos despois cítase Santa María de Pontellas. Bravío aparece documentada no século X e a vila de Untia pertencía a esta última freguesía, coa súa igrexa a bastante distancia (1,7 km., aproximadamente). De aí que os veciños da vila de Untia precisasen unha capela para achegarse ás prácticas relixiosas. Esta, segundo o citado Martínez Santiso, estaría situada no pequeno outeiro onde se comezou a construír a mediados do século XVI o convento de San Domingos e, probablemente, engadimos nós, tamén contaría cun cemiterio.

Nós creemos que a ubicación da vila de Untia estaría no entorno da fonte, na área comprendida entre a Cañota e os actuais soportais do Campo, separada do castro polo «vallem antiquam» (valgada ou vieiro antigo, xa que non existe tal val que algúns traducen) do documento da traslación. Entendida nun senso amplo, a «villa que vocitant Untia» abranguía «inter pontem e pontem». O concepto de vila que temos de aplicar aquí é o dunha unidade espacial agropecuaria aínda que estea fragmentada internamente e espaciada. E no seu entorno ou a seu carón poden coexistir outras «villae» menores ou supeditadas. O que se coñece como «villae in villa». No caso de Untia, o seu asentamento sería máis compacto e no das outras que pasaremos a citar, máis diseminado.

A vila de Untia aparece como tal nos documentos dende o ano 978 (Lucas, 1986:288) ata 1235 (ver apéndice XXIV), en que xa, absorbida pola vila nova de Betanzos, asentada no Castro, deixa de nomearse como tal. Mais temos outras «vilas» que provocan novas dúbidas. Así, nun documento de 1225 (ver apéndice XXI) noméase a vila Susu de Untia, ou sexa de Arriba de Untia, que non é doado situar. Quizá se trate da zona do Rollo, onde no alto os frades de Sobrado tiñan a casa de Dombrete, da que estaba á fronte un «magister», dende

⁷«Designación de iglesias pertenecientes á la Sede Iriense hecha por Tructino» en López Ferreiro (1899:aII): «In comisio de plutios (...) scm. martinum in tiobre»



Parte do entorno da antiga vila de Untia, dende a outra ribeira do Mandeo. Foto Baraxeiro, 1994.

onde se facían contratos e xestionaban e administraban propiedades, ademais de punto estratéxico no tráfico de entón para entrar ou saír de Untia. Así, varios documentos levan o título de «Karta de Untia de Donbrete» (outras veces Don Breth, Dumbrete ou Dumbriti), que parece facer alusión a un frade don Brete, que quizá fose o seu primeiro «magister».

E temos tamén documentada en anos anteriores ao traslado de Betanzos a vila que chaman Rippa ou Rippa de Untia. Ripa (cun só pe) sería ribeira, o que nos levaría á beira do río. Un documento de 1202 reférese en latín «á vila que chaman Rippa, situada no territorio Nemitus, doutro xeito no río de Mandeo concurrente á igrexa de Bravío». Mais nun documento anterior, de 1189, dinos que Rippa non está exactamente na ribeira do Mandeo senón «baixo o monte Paraños entre os dous ríos, ou sexa Mandeu e Mudi». Supoñemos que Mudi sexa o Mendo, o que pode ser unha mala transcripción do documento (quizá fose Mundi) ou erro do escribano que o redactou. E esta ubicación de Rippa podería estar na zona da Cruz Verde de abaixo, se é que Paraños chegaba ás inmediacións do moderno campo da Feira do gando. Rippa é importante para os monxes de Sobrado que intitulan varios documentos «De Rippa» ou «Kartula de Rippa», e realizan varias compras neste entorno á familia Arias en 1189, aos Pelagii en 1195 e 1202, a Tharasia Veremudi en 1206 e aos Petri, da súa parte no casal de Roderico Bravo, no mesmo ano. Dende este 1206 xa non vemos documentada Rippa, absorbida por Untia. (Ver apéndices VIII e do XIII ao XIX).

Urgorri Casado (1982:60-73) publicou no *Anuario Brigantino* un interesante e suxestivo traballo sobre «Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad». Urgorri, que analizou tamén estes documentos dos *Tumbos de Sobrado* que vimos citando, publicados por Pilar Loscertales en 1976, trata de buscar explicacións aos nomes, especialmente de Untia e Betanzos, botando man incluso do gaélico, sen ofrecer ningunha certeza final, como el mesmo recoñece ao remate. Tamén denota un empeño excesivo en incluír dentro do recinto do castro propiedades citadas nos documentos que claramente non podían estar situadas alí. Ocorre así coas que se documentan no entorno do Rollo, descritas dende a ponte das Cascas, pasando polo agro de Cuvelo, o vieiro en costa («vallem Infesto») ata chegar ao cruce («Travessam») do alto, e que Urgorri traslada de ubicación e encerra inexplicablemente no castro, tal o xa citado Casal de Dombrete (v. apéndice XII), que confunde coa finca do castro de Untia onde estaba o hórreo e o corral que aparecen no

privilexio de 1219. Tamén o terreo que o rei Alfonso troca ao mosteiro de Cis «*infra fossatum*», debaixo do foso, para ampliar a nova poboación (v. apéndice XXII), empéñase en traducilo por «dentro de murallas» para incluílo no castro: «... *que entendemos se debe traducir «dentro de murallas» y no al contrario.*», como simple e único criterio para que todo encaixe coa súa interpretación.

Na nosa opinión, Untia englobaría unha estrutura poboacional polinuclear, coa propia vila de Untia e vilas ou aldeas menores como Rippa e Vila Suso de Untia e algún «*villae*» patrimonial. E ás veces a «vila de Untia» fai referencia a todo o conxunto. Estamos, pois, diante dun hábitat agrario disperso, con casas e casais separadas entre si por canellas ou carreiros, por congostras, vieiros ou vereas e polos terreos de cultivo. A esta estrutura vaise incorporar a partir de 1219 o propio Castro coa Vila Nova de Betanzos, que rematará englobando todos os outros núcleos e xuntándoos nunha única entidade.

A VILA QUE CHAMAN RIPPAAO PÉ DE PARAÑOS

Documentada en anos anteriores ao traslado de Betanzos ao castro de Untia temos a vila que chaman Rippa ou Rippa de Untia. Nove documentos dos tumbos de Sobrado reférense a ela entre 1189 e 1206.

Nos documentos citados vemos que Rippa aparece nomeada como vila e no entorno de Untia e que algunhas familias (como os Pelagii, os Petri, os Iohannis, os Arias) residen ou teñen propiedades alí⁸. En Rippa está a casa de Petro Iohannis e a casa e celeiro de Roderico Bravo, nomeadas en documentos, así como varias leiras e os «pomares que chaman de dona Chamua». Ademais alí teñen herdades a monxa Urraca Veremundi e Teresa Veremundi (fillas de Vermudo Pérez, da familia nobre dos Traba, e a primeira abadesa que fora do convento das Donas) que fan doazón a Sobrado das súas propiedades⁹; así como os Arias (nove irmáns) que venden aos monxes a súa herdade¹⁰.

Rippa podería facer relación á ribeira do río nunha tradución literal. No primeiro documento no que aparece citada dise que está entre os dous ríos, mais nun de 1202 di que é «coincidente co río de Mandeu». Aínda que tamén se podería interpretar como situada por «riba de», como ocorreu por exemplo con Rippa Avie que remataría sendo Ribadavia e non Ribeira do Avia¹¹. No caso que nos ocupa, podía aludir tanto á proximidade ao río como á súa situación por riba de Untia. Mais, onde se ubicaría?

O primeiro documento, datado en 1189, é o que máis información ofrece sobre a ubicación, pois fai alusión ao monte ou alto de Paraños: «ao pé do monte Paraños». Deciamos arriba que a ubicación de Rippa podería estar na zona da Cruz Verde de abaixo, se é que Paraños chegaba ás inmediacións do actual campo da Feira do gando. Nós pensabamos na zona da Cruz Verde de abaixo mais as preguntas que fixemos a diversas persoas sobre Paraños resultaron infrutuosas ao descoñecerse na actualidade este topónimo que quedou reducido á súa zona máis elevada do antigo alto ou monte de Paraños. A resposta e confir-

8 Véxanse os documentos dos apéndices X, XIV, XV, XVI e XVIII.

9 Véxanse os documentos dos apéndices XI e XVII.

10 Véxase o documento do apéndice VIII.

11 Casos similares son os de Rippa Minei, Rippa Eume, Rippa Sili ou Rippa Ullie que deron Ribas de Miño, Ribadeume, Ribas do Sil e Ribadulla, respectivamente. O Rippa betanceiro perdeuse posteriormente na toponimia ao pasar a ser unha zona habitada por xudeos, rebautizándose esta zona como Os Xudeos e Cruz Verde.




Vista de Betanzos, 1901. Foto de F. J. Martínez Santiso. (Erias e Veiga, 2001:11). AMB.

mación da nosa suposición atopámola nunha demarcación de lindes entre Betanzos e os concellos lindantes realizada no ano 1924. Nos lindes entre Betanzos e Coirós dise que o 7.º moxón ou marco «*está situado en el paraje denominado «Paraños» [...] en el camino que de Betanzos conduce al pueblo de Queiriz»*. Segue dicindo o que se ve dende este punto, incluído o fito do quilómetro 581 da estrada de Madrid. Separa Betanzos e Coirós nas súas parroquias de Bravío e Armea. E próximo a este está o 8.º moxón, que «*está situado en el paraje conocido con el nombre de «Agra de Paraños»*, a setenta centímetros del camino que conduce de Betanzos a Queiriz», e separa as parroquias de Bravío e Armea, comenzando nel a de Colantres.¹²

De maneira que, se dende ese alto de Paraños camiñamos sempre en descenso polo camiño real cara Betanzos, chegaremos á nova feira do gando e á primeira urbanización alí construída, debaixo da que se ubica exactamente o barrio da Cruz Verde, ao pé mesmo do monte Paraños e «coincidente co río de Mandeu». E, efectivamente, situaríase por riba de Untia, un pouco máis elevada que esta, quen terminaría englobando a Rippa, da que xa non aparece documentación dende 1206. Quizá por iso, os historiadores que trataron este período esquecéronse da vila de Rippa.

Só recentemente se refere a ela Sánchez Pardo (2008: 697) na súa tese doutoral, aínda que erróneamente: «*Aunque ha desaparecido el topónimo, está perfectamente delimitada por la documentación (lugar adecuado para una prospección en busca de esta villa), pudiendo incluso corresponder con el actual Coirós. Hay muchos datos sobre sus casa-*

12 Demarcación de límites dos concellos de Betanzos e Paderne: http://ftpcedd.cnig.es/PUBLICACION_CNIG_DATOS_VARIOS/siddae/15/html/15027_Resumen_documentos_Archivo-Coiros.html



O acceso a Untia dende a ponte das Cascas. Foto Núñez Díaz en *Betanzos en el Quinto centenario del voto a su glorioso patrono San Roque*. 1916.

les y agros». Estando «perfectamente» delimitada pola documentación é imposible ubicala no actual Coirós, cando nos documentos di que pertence a Bravío e nalgún di mesmo «Rippa de Untia».¹³

Nunha interesante fotografía xeral de Betanzos, tomada por Francisco Javier Martínez Santiso a comezos do século XX dende onde remataba –ou comezaba, segundo se mire– o monte Paraños, vemos ao pé deste o barrio da Cruz Verde e Os Xudeos, probable emprazamento da vila de Rippa a finais do século XII e comezos do XIII, así como unha fonte próxima nun primeiro plano, presenza sempre importante e imprescindible para o asentamento humano, máxime nun entorno que foi tan deficitario en auga ata o ano 1866, en que se inaugurou no antigo Campo da Feira a fonte de Diana, servida pola traída de augas de San Xiao, dende unha ladeira do monte Paraños precisamente.¹⁴

13 Pódese dicir que este autor non acerta na ubicación de ningunha das «villae» de Untia, nin con Rippa nin con villa Susu de Untia que confunde coa Vila de Suso de Piadela. É máis, a propia Untia ou Uncia disfrazada nun documento, en galego sen data, como Vunca (segundo a transcripción, que ben poidera ser unha dobre u e o c un ç: Uunça), sitúaa este autor en Oza dos Ríos, nada menos, aínda que logo se contradí: «No identificada, aunque por el contexto parece lógico pensar que está en el entorno de Paderne, como el resto de las menciones del documento 284. Contenía casales.» Sánchez Pardo (2008:705). Ademais expresa unha opinión a respecto do castro de Untia que se contrapón coa documentación existente –ou coa falta dela–: «Betanzos parece estar poblado ininterrumpidamente desde época prerromana, desde el castro «Untia» que por su tamaño y emplazamiento debía poseer cierta importancia en la organización del territorio.» (2008:682, nota).

14 Na acta municipal do 12 de novembro de 1851 fálase do proxecto desa traída de augas dende un manantial situado «en la montería que denominan de San Giao y sitio de Paraños» (web do AMB).

O CASAL DE DOMBRETE

Falamos xa da vila de Rippa de Untia e da súa ubicación. Rippa é importante para os monxes de Sobrado que intitulan varios documentos «De Rippa» ou «Kartula de Rippa», e realizan varias compras neste entorno á familia Arias en 1189, aos Pelagii en 1195 e 1202, aos Petri, da súa parte no casal de Roderico Bravo, en 1206. Dende este ano xa non vemos documentada Rippa, absorbida por Untia.


Sen embargo, nun documento de 1225 noméase a **vila Susu de Untia**, ou sexa de Arriba de Untia, que non é doado situar. Este documento é o único no que aparece Vila Susu de Untia, seis anos despois da muda de Betanzos ao castro. Susu indica posición superior ou por encima, polo que esta vila tiña que estar situada por enriba de Untia, cousa que vimos ocorría tamén con Rippa. Non creemos que se trate desta mesma, pois Rippa xa tiña un nome asentado en varios documentos feitos polo mosteiro. Pensamos máis ben que estaría no entorno da Penela na parte alta do Rollo, onde os frades de Sobrado tiñan a casa de Dombrete, da que estaba á fronte un «magister», e dende onde se facían contratos e xestionaban e administraban propiedades, ademais de punto estratéxico no tráfico de entón para entrar ou saír de Untia polo sur.

O casal de Dombrete aparecerá citado, xa dende 1172, con diferentes formas: Dombreth, Don Brete, Donbret, Dumbrítu. Dombrete é tamén o nome dun lugar da actual parroquia de Grixalba en Sobrado, onde os frades cistercienses tiñan unha das súas granxas próximas ao mosteiro. Mais este casal de Dombrete está en Untia e non debe confundirse co outro.¹⁵

Probablemente o seu nome se deba ao do primeiro «magister», mestre ou director, un tal don Bret ou don Breth, quizá vido do mosteiro matriz de Clairvaux na Franza, cando Sobrado pasou aos cistercienses en 1142 e viñeron monxes daló. Así, nun documento sen datar, xa escrito en galego, transcripción quizá dun anterior en latín, sobre as propiedades que o mosteiro de Sobrado tiña na terra de Nendos, dise: «En Uunca en çima hun casal d'erdade que sol husar don Brete que deu Vermun Suarez de Paderne e e moy mal parado». Este encima de Unça ou Untia ben pode corresponder coa vila Susu de Untia. Ademais, no mesmo documento dise que na freguesía de San Vicenzo de Vigo, actual concello de Carral, no lugar da Abrigosa, o mosteiro tiña catro casaes que deixaran dous irmáns «e obedecemos a don Brete»¹⁶. Personaxe real, pois, o frade que daría nome á casa. Probablemente, este don Bret, Breth ou Brete, foi enviado a organizar as propiedades do citado lugar da Abrigosa (Karta de Vigo de Abrigosa de Donbret) e tamén ao casal de Untia, que remataría sendo coñecido polo seu nome durante un tempo, aínda que os escribanos sucesivos deturpen o nome en sucesivos documentos chamándolle Dombriti ou Dumbrítu.

15 M.^a Carmen Pallares (1979 e 2001), gran estudosa de Sobrado, non discerniu tampouco entre os dous Dombretes e non lle prestou atención á casa de Dombrete en Untia.

16 Bret: «Breton, qui est de Bretagne» (*Dictionnaire provençal-français ou Dictionnaire de la langue d'Occ ancienne et moderne*, par S.-J. Honnorat, Digne, 1946), e precisa que se trata dunha palabra na vella linguaxe anterior ao século XVI. Por outra parte, en Irlanda, condado de Galway, na poboación de Enagh Dune, existiu a abadía de Santa María de Portu-Patrum, fundada arredor de 1140 (*Histoire monastique d'Irlande*, de L.A. Alemand, Paris, 1690, páx. 387), e que, segundo William Camden (*Britain, or Chorographical description of Great Britain and Ireland*, ed. 1637, vol. 2, p. 151), ademais dese nome tiña o de Donbreth e fora fundado polo francés (outro bretón?) Hervie Moint-Marish. Este mosteiro, hoxe en ruínas, non era do Císter senón da Orden de Agostiños Premonstratenses. O nome de Donbreth perdeuse no tempo e só o atopamos na citada obra de Camden.



Área aproximada da contorna da Penela.

Ao fronte da casa estaba un «magister» que adoitaba facer os documentos ou cartas de compraventa e pactos. Aquí fanse documentos en latín medieval de terras e propiedades en Untia, Rippa, Cis..., que adoitan levar o titular de Karta ou Carta de Dombreth (doc. 470, 473 e 474 do Tumbo I de Sobrado), Karta de Dumbriti (doc. 443), ou Karta de Untia e de Dumbriti (doc. 444), Karta de Dumbritu na vila de Untia (doc. 442) ou Kartula de Ripa (doc. 234) ou simplemente De Ripa (doc. 231, 236) ou De Rippa (doc. 232, 238), De Rippa e de Untia (doc. 237) ou Kartula de Unta (doc. 235). Ou no caso da citada Abrigosa, Karta de Vigo de Abrigosa de Donbret. A primeira é do ano 1151 e a derradeira de 1245, case un século despois. Pola contra, hai outros documentos con encabezamentos similares que se refiren claramente ao Dombrete de Sobrado.¹⁷

Entendemos que os documentos facíanse primeiramente aquí e logo asentábanse no Tumbo do mosteiro. De feito hai documentos dos Tumbos que non conservan orde cronolóxica e mesmo intercálanse, quizá a posteriori, documentos sen data.

No ano 1200 o frade Pelagius é o «magister» de Dombrete no casal de Untia. Por ese tempo tamén un Froile Cambas figura como o que fai os pagos das compras, unha especie de tesoureiro. Polo 1225 un frater Petrus Nabo é o «magister» e en 1235 desempeña esa función frei Roderico. E en 1245 aparece como «magister» de Donbrete o frade Martiño Roderici (que xa estaba en 1242), xunto con outros frades con oficios («zapatarius» ou zapateiro, «carpentarius» ou carpinteiro, «stalaris» probable hosteleiro) que aparecen como testemuñas nalgún documento. Posteriormente, coa marcha das Donas do convento das Cascas, as funcións de administración que se facían nesta casa de Dombrete pasarían a desempeñarse no antigo convento de donas que pasou a ser un priorato de Sobrado.

Agora ben, onde estaba situado o casal de Dombrete? Nun documento de 1200, no que membros da familia Petri lle venden ao mestre de Dombrete a súa parte dun casal, a descrición deste faise dende a ponte das Cascas¹⁸. A propiedade está por enriba da ponte, indo polo agro do Cuvelo e dalí pola valgada en costa ata a Travesa ou cruce que está diante da casa de Dombrete. O que máis adiante será nomeado como cruz da Penela. E continúa a descrición envolvente ata voltar de novo ao agro de Cuvelo, onde comezou. Polo tanto, enténdese que a casa de Dombrete está no alto da costa no mesmo cruce de camiños onde despois estivo emprazado o desaparecido «rollo» que dá nome á rúa e onde hoxe se asenta a

17 Tumbo I de Sobrado, documento nº 284, páx. 309. «E leva deles don Brete XX et II teygas de froyta e IIIIº de pam et valen mayas de CCCºs morabetinos po lo ano». Loscertales (1976).

18 Véxase apéndice XII. Os de Sobrado veno e descríbeno dende fóra: encima de Untia é a parte alta onde eles teñen o casal, non o castro.

urbanización da Praza de Pepito Arriola. Unha posición estratéxica para controlar a entrada e saída de Untia polo sur. Por outra parte, o significado de Cuvelo, escrito con b, é de torreón en forma de cubo ou «especie de torre militar de defensa», o que resulta moi suxerente como defensa da ponte e situada nun plano superior a esta.

O acceso por esta parte era ben complicado pola costa tan pendente (o «vallem Infestum» do documento) que tiñan que superar os carros e animais de tiro. Quizá por iso, un camiño case paralelo, que parte da mesma ponte á dereita en dirección á Acea e logo vai virando, para enlazar xa case no alto, facendo máis levadeira a dura pendente, era moi utilizado e por iso denominado «A volta dos carros», denominación que chegou aos nosos días.

A HERDADE DA PENELA

Dous documentos dos Tumbos de Sobrado fan referencia e encabezan co título «Da herdade da Penela», no entorno de Untia, aínda que non citan esta. Herdade pode ser herdanza, mais tamén «grande propiedade rústica, composta normalmente de montes, terra de sementeira e casa», como di o diccionario Estraviz, e que pensamos é o acaído neste caso.

A herdade da Penela fora doada por Urraca Lupi e os seus fillos a don Giloni Sancii (Xil Sánchez) en cen sólidos polo homicidio da súa filla e este doaralla ao bispo de Lugo don Iohannes, quen a deu para o mosteiro de Sobrado en 1152. Mais ao ano seguinte, Fernando Adefonso e a súa muller Lupa Fernandi sosteñen unha disputa cos monxes por esta posesión e, logo de serlle recoñecida a propiedade, acordan entregarlla a Sobrado por dereito perpetuo despois da morte de ambos os dous, pola salvación da súa ánima.¹⁹

Nesta área os monxes de Sobrado xa posuían propiedades e seguían recibindo ou mercando outras, como a compra que fan no 1200 a tres irmáns da familia Petri (quizais membros da importante familia noble Pérez de Traba) de tres quintas partes dunha cuarta dun casal que teñen con Petrus Nuniz²⁰. Pois ben, no asento que se fai desta propiedade no Tumbo das Cascas no século XVII, o monxe escribían pon na cabeceira Acea e aclara que neste lugar «*entran las aceñas y la Penela*», situándoa no entorno da Acea²¹. E nun foro que fan en 1634 sobre unha viña dise que está na Cruz de Penela, o que nos sitúa na zona alta que no documento latino chaman Travesa, cruce de camiños sinalado en tempos por un cruceiro²². Nun documento de 1817, publicado polo cronista Núñez-Varela, fálase de que no sitio da Penela é «*en donde se halla la insignia del Rollo...*», a onde fora trasladada –e logo desaparecida– dende a Praza do Castro, e que deu nome á rúa²³. Temos, pois, que a extensión da antiga Penela vai alongándose.

Preguntándolle con toda intención, despois de infrutuosas pesquisas, ao amigo Manolo Vidal como se chamaba o sitio onde seus pais tiñan ampla horta murada e construíran

19 Véxanse apéndice II e III.

20 Véxase o documento do apéndice XII.

21 Tumbo das Cascas, folio 193 r. (Daviña, 2001:103)

22 «Foro. Era de 1634, año de 1597, D. Fr. Atanasio Corriero, Abad, y Fr. Angel de Cartagena y Fr. Lope Guerra y Fr. Martín de Segura, con poder del convento de Sobrado aforaron a Diego García, cerero, para Antonio García su menor, y a dos voces que sean hijos legítimos de dicho menor, dos jornales de viña que están sito en la Cruz de Penela, como están cerrados sobre sí y van demarcados en el foro por cánon y pensión en cada un año del cuarto de la uva puesta su costa en las Cascas; y pedir vendimia y dar de comer al mayordomo y pagar décima y demás condiciones.» Daviña (2001:103)

23 Núñez-Varela: «El triste destino del 'Rollo'», publicado o 11 de maio de 2016 no seu sitio «web del Cronista oficial de Betanzos», www.cronistadebetanzos.com

unha casa, contestoume de primeiras Cal das Barras, por dar a ese camiño unha das entradas. Mais logo, ao dicirle se non tiña outro nome, respostoume: A Penela. E deume unha explicación etimolóxica, de que viña da moita pena ou rocha pequena que alí había e da moita que quitaran seus pais para cultivar ben a horta. Efectivamente este é un dos significados de penela e consta a autorización dos frades en diversas épocas para estraer pedra de fincas que tiñan aforadas nese entorno que aínda ten varias con elevados muros²⁴. Mais tamén ten outro significado que ben podería casar coa zona vista dende abaixo: «pequena elevación ou altura do terreno; outeiro, lomba».

Sen embargo, nun mapa actual do catastro aparece escrito Penela unicamente sobre unha finca situada antes da Acea na parte superior do camiño e lindando co Cal das Barras por arriba, como se se referira a unha única propiedade.

Un achádegado indirecto cando buscaba outros datos veume dar nova luz sobre esta cuestión. Resulta que A Penela podería denominar no pasado un amplo espazo que iría dende esa zona baixa das aceas do río Mendo, ascendendo nada menos que ata a estrada de Castela nas inmediacións do Asilo Manuel Naveira, sobre o que o amigo José Luis Couceiro Vicos (2005) fixo un magnífico traballo, asilo reconvertido hoxe en complexo hosteleiro. Entre «Un puñado de noticias» que o corresponsal do xornal coruñés *El No-roeste* daba «Desde Betanzos» o 28 de agosto de 1912, destacábase esta:

Dase ya por segura la adquisición por la respetable viúda del filántropo brigantino D. Manuel Naveira, de la finca propiedad del farmacéutico don Francisco Lafont, enclavada en el punto llamado «La Penela», frente al Cristo de la carretera de Madrid, para la edificación del Asilo de sordo-mudos que ha de levantarse por cuenta de la herencia del finado Sr. Naveira. Dicha finca mide 4.578 metros cuadrados.

De maneira que A Penela –un topónimo hoxe reducido e case perdido– daría nome en orixe a un amplo espazo en forma poligonal que podemos inscribir entre o cruceiro da estrada de Castela, o desaparecido do Rollo, baixando cara A Acea, subindo logo cara o entorno da «Casilla» e voltando ao cruceiro inicial situado ao pé do antigo camiño real. O camiño de Cal das Barras, que conduce dende o cruce ou Travesa da Cruz da Penela a Roibeira, facía de eixo vertebrador deste importante espazo agrícola que abranguíña casais, viñas, hortas, pumares e soutos e que sen dúbida era unha das mellores zonas do entorno de Untia, xunto coa inmediata montería do Frade, para a agricultura. Ademais, no fondal a explotación das aceas á beira do Mendo supuña un importante recurso do que os monxes sacaban tamén beneficio. E aínda é posible que A Penela chegase pola parte Norte ás inmediacións da desaparecida horta do convento de San Domingos²⁵.

24 No Tumbo das Cascas constan varios asentos autorizando extracción de pedra, como neste caso: «Año de 1683 se hizo licencia a Antonio Vázquez de Betanzos para sacar piedra en la Penela para cerrar la viña del Monte do Frade y para una casa que hizo en dicha viña.» (Daviña, 2002:122).

25 Tumbo das Cascas. Folio 196r: «Foro. Era de 1637, año de 1597, D. Fr. Atanasio Corriero, Abad, y Fr. Angel de Cartagena, con poder del Prior, monjes y convento de Sobrado, aforaron a Domingo Curral, y a dos voces, que sean hijo y nieto, una viña y huerta en la Penela, que la viña son diez jornales plantados y la huerta es un jornal por cima de S. Domingo, como está demarcado en el foro por cánon y pensión en cada un año, de doce azumbres de vino blanco o 12 reales por ellas, puestos a su costa por S. Martín en las Cascas, y pagar décima y más condiciones.» Daviña (2001:104). Probablemente a esta mesma propiedade «por cima de S. Domingo» reférese, a continuación no mesmo Tumbo, o troco realizado entre os dominicos e os cistercienses de Sobrado: «Hízose trueque el año 1680 con el convento de S. Domingo de Betanzos, de una viña en la Penela, y el convento dió otra viña donde dicen la Saper».

O citado Urgorri Casado (1982) traslada inexplicablemente, como xa vimos, propiedades situadas neste entorno (tal o casal de Dombrete) nada menos que ao castro de Untia, a uns 400 metros de alí, confundindo a Travesa ou cruce da Penela coa rúa Travesa, interpretación que deron por válida acriticamente outros historiadores.

A IMPORTANCIA DA PENELA

Luis Monteagudo, nun traballo publicado no *Anuario Brigantino* en 1984, afirmaba referíndose a Untia —con redacción algo confusa— o seguinte:

Al parecer Untia, lato sensu, constaba de un núcleo secundario que descendía por el S quizá hasta el mismo Ponte das Cascas, sobre el Mendo [...] y el núcleo principal, que en 1213 se llamaba villa Susu de Untia (probablemente porque estaba sobre dicho núcleo inferior) villa Untia de Dombrete (probablemente porque había pertenecido a un propietario llamado don Brete, y ahora Sobrado tenía allí una granja administrada por un «magister»)

Xa espuxemos a nosa suposición de que o núcleo principal de Untia estaría arredor da fonte ou pozo de Untia, que vila Susu de Untia sería un lugar secundario enriba de Untia, polo alto do Rollo e da Penela, e non o núcleo principal, como tampouco vimos en ningún documento vila Untia de Dombrete e si o casal de Dombrete (ou as variantes similares citadas), que estaría nese núcleo secundario e non no principal, e moito menos no castro a onde o trasladan Urgorri e Monteagudo. Tampouco se refire este autor para nada ao outro núcleo secundario, Rippa, ou Rippa de Untia, que aparece en nove dos documentos de Sobrado que manexa.

A continuación, Monteagudo (1984:43) reférese a un documento de 1164:

El documento de venta de 1164, el más antiguo de Betanzos es difícil de interpretar: «in villa que vocitant Untia inter pontem et pontem...quomodo se concludit inter ambos rivulos de venam ad venam»; en principio parece referirse a la zona baja o N. de Betanzos que está dentro de la confluencia del Mendo y Mandeo, pero entonces la villa, sensu lato, tendría desde el Ponte das Cascas hasta la confluencia ca 1200m lo cual nos parece demasiado; además este sitio bajo en aquel tiempo debía de ser un fangal impropio tanto para habitar como para cultivar. Lo más prudente sería suponer que esta villa no llegaba abajo (acaso ni siquiera a la falda N) sino que se extendía desde el S hacia el NW y NE por dentro del recinto más externo del castro, dejando en la cumbre unas pocas viviendas pobres o arruinadas (pardíñeiros) construídas con los mampuestos esquitosos de las chozas castrexas. Así se conjugaría el hecho de estar «inter pontem et pontem» (Ponte das Cascas y Ponte Vella) con una excesiva extensión.

Como vemos, Monteagudo interpreta este documento confusamente: Dalle á vila de Untia un sentido lonxitudinal que lle parece excesivo, fala da confluencia dos ríos, termo que non aparece no texto latino, e sitúa unha parte dentro do castro, aínda que no recinto máis externo deste. Ademais fala Monteagudo dunhas vivendas arruinadas na croa do castro, baseándose no que di un documento, transcrito en romance galego doutro anterior en latín: «*En Uunca* [transcripción errónea por Uncia, quizáis, e que en todo caso habería que interpretar Uunça] *en çima hun casal d'erdade que sol husar don Brete que deu Vermun Suarez de Paderne e e moy mal parado*»²⁶. Este casal «moy mal parado» transfórmalo o autor citado en «*unas pocas viviendas pobres o arruinadas (pardíñeiros)*», como vi-

mos, e ademais trasládalo dende a parte alta do Rollo, encima de Untia, onde o sitúan os documentos, á parte alta do castro: «*fue esta parte, alta y más o menos despoblada, la que Alfonso IX consiguió repoblar desde 1219 después de adquirirla de los frailes de Sobrado por cambio*». Os de Sobrado veno e descríbeno dende fora: «en çima» de Untia é a parte de arriba, a vila Susu de Untia que aparece nun documento, a parte alta onde eles teñen o casal; non é o castro que está máis baixo e a case cincocentos metros de distancia.


En fin, toda esta serie de confusións e erros dos citados historiadores, xorden —na miña opinión—, aparte do descoñecemento da microtoponimia local, de non teren considerado ben a importancia que tiña nese momento o entorno da Penela como núcleo de comunicacións con Untia, e a ubicación na súa parte alta (na Travesa, cruce ou Cruz da Penela) da granxa ou casal de Dombrete, dende onde os monxes de Sobrado administraban as súas posesións, así como a existencia doutros varios casais neste entorno. Os documentos son ben elocuentes neste senso e ningún fala do castro. A este entorno da parte alta da Penela trasladaríase dende a Praza do castro o rollo xurisdiccional —destruído posteriormente, ao igual que o cruceiro que alí existía— que deu nome á rúa. E durante seiscentos anos continuou sendo paso obrigado para saír ou entrar a Untia, e logo a Betanzos, polo sur.

O anterior cronista betanceiro Vales Villamarín preguntábase, nunha das súas características anotacións manuscritas intercalada entre un documento dun dos volumes da edición dos Tumbos de Sobrado por nós consultada no Arquivo Municipal —e que, por certo, proveñen do seu legado—: «*¿La vila de Penela será la misma vila de Untia? Vid. el dc. de Sobrado q. se cita. Escribir a Rubén*». Reférese a Rubén García Álvarez, médico de Ribadavia e recoñecido medievalista, de quen recolle unha nota dun traballo seu. En realidade, o documento citado por Vales Villamarín non di vila de Penela, senón herdade da Penela. A edición dos Tumbos de Sobrado pillou a Vales nos seus últimos anos e xa non tivo tempo, mais parece que algo enxergaba coa lectura destes documentos que falaban da Penela e da súa importancia e relación con Untia. A Penela non era Untia, como se preguntaba Vales, mais si parte importante dela.

Ten así sentido a segunda das opcións que xa barallaban os eruditos betanceiros decimonónicos para a ubicación de Untia, opción recollida polo historiador local Manuel Martínez Santiso en 1892, siquera fose nunha nota a pé de páxina: «*otros aseguran que comprendía un espacio entre la Fuente de Unta y los Ángeles, dando la vuelta por la Cruz Verde y Rollo*». É dicir, entre ponte e ponte, e entre ambos os dous ríos, como xa dicía o documento citado de 1164.

Esta estrutura lonxitudinal, discontinua e rural, rematará sendo un apéndice da vila nova de Betanzos, instalada no castro repoboado, vila que, no seu rápido crecemento e expansión, creará unha nova estrutura urbana, mercantil e mariñeira, ademais de agraria, que a convertirá nunha das máis importantes cidades galegas na fin da Idade Media.

26 Na demarcación en romance do Monte do Frade, o monxe encargado de copiala no Tumbo das Cascas dá esta explicación: «...junto a la fuente Unta, que ahora llaman, dicha de entonces Uncia, que como en latín la T suena C ante dos vocales llamaron Unta, a la cual se llamaba Uncia.» (Daviña, 2001:123). A forma Untia é a máis documentada das variantes Uunça, Uncia, Uncia e Untia, que non seguen necesariamente unha orde cronolóxica, pois Untia que é a forma escrita que se impuxo finalmente é tamén a máis antiga documentada (ano 978, tumbo de Samos).



Detalle do documento real
de 1219.

APÉNDICES*

I

Ano 1142. 4 de Febreiro. (Loscertales, doc. 10. A.Tumbo II de Sobrado, fol. 7 r. e v.)

Partixa de Sobrado que fixo por decisión propia o señor Vermudo Petri¹ á súa filla monxa Urraca Veremundi.

Era milésima centésima oitoxésima e a segundas nonas de febreiro. Esta é a partixa e reparto que fago eu Vermudo Petri entre as mulleres miñas, a infanta dona Urraca e todos os fillos e fillas miñas. A saber, que a miña filla monxa dona Urraca teña a súa parte de en medio de Sobrado, canto ten Sobrado debaixo dos seus coutos, con todas as súas prestacións, así como eu ata hoxe teño no meu dereito, e o mosteiro de Xanrozo así como os clérigos que alí continuou tendo con dous servos e dende a ponte das Cascas á ponte de Untia canto alí ten Xanrozo. E se tal vez a miña filla dona Urraca máis se queixera nalgún tempo contra a miña muller dona Urraca ou contra os meus fillos ou fillas, pague dez mil soldos² á parte deles, e intentado os poña duplicados. E, do mesmo xeito, se a citada muller miña ou os meus fillos ou fillas contra esta disposición xa ordenada á miña filla monxa, viñeran ou fosen á maldade, a súa parte os dez mil soldos paguen e os que fixesen falsa acusación paguen totalmente o duplo. E se algún home estes mesmos dereitos da miña filla intentase quitar ou despojar, e a esta aqueles non poideran defender ás fillas miñas ou fillo, entón reciban entre eles en todos os seus dereitos dos outros herdeiros meus. E eu, Veremudus Petri fago e autorizo facer, de maneira que nunca aconteza algo torto ou algo perxudicial por parte das preditas miñas mulleres ou ben dos fillos seus contra a citada miña filla monxa. E do mesmo xeito, para que nunca proveña de parte da predita miña filla algo torto ou algo malo contra as mulleres miñas ou fillos e fillas miñas. Este auto foi feito por enteiro en presenza do conde don Fernando e a súa muller a Condesa dona Sancie, a monxa Munine Froile, o arquidiácono don Petri Cresconii, o abade de Antealtares don Roderici, o abade de San Xusto e Petri Garsie e Petri Gutierri e Vela Gutierre e Froile Ruderici e outros moitos homes bos, clérigos e laicos. Imperando don Adefonso³.

1 Vermudo Pérez, irmán do conde Fernando Pérez de Traba, criárase co futuro rei Alfonso VII, de quen fora titor o pai de ambos os dous.

2 Moeda de prata que circulaba en varios reinos cristiáns da península.

3 Afonso VII, coroado «Emperador» en 1135, sete anos antes.

*Versións galegas do autor de documentos relacionados con Betanzos e Untia empregados neste traballo, case todos procedentes dos Tumbos de Sobrado. Mantemos nelas os topónimos, nomes e apelidos tal como figuran nos documentos. Algúns destes documentos (os dos apéndices V, VII, X, XII, XVII, XIX, XX, XXIII, XXIV, XXV, XXVI e XXVII) foron traducidos ao español en Núñez-Varela e Rivadulla (1984).

II

Ano 1152. 1 Febreiro. (Loscertales, doc. 78. A.Tumbo II de Sobrado, fol. 43 r.)

Da herdade de Penela

[Christo Alfa e Omega] Comezamos baixo o nome de Cristo para que o escrito permaneza. Non é en verdade duvidoso, pero moitos mantéñense fieis ao acostumado e non poucos o expresan, veleiquí de maneira que a herdade de Penela, que deu dona Urraca Luppi xuntamente cos fillos e fillas súas a don Giloni Sancii polo homicidio da súa filla, por cen soldos Andegavensium¹, e don Gil Sancii deu a predita herdade a don Iohanni bispo de Lugo, como pacto que lle concedeu o viño de beber en corenta días a quenes gardaban penitencia no descuberto en favor da igrexa de Santa María de Oural, a cal repartiu co conde señor Roderico Alvari². E o bispo señor Iohannes deu a propia herdade arriba nomeada de Penela, con todos os seus dereitos, aquí e acolá, cos seus termos e lugares antigos, ao mosteiro de Santa María de Sobrado por cen soldos e polo remedio da súa ánima, con dereito hereditario en perpetuidade, e os frades de Sobrado deron en confirmación perpetua ao señor Fernando Adefonso e súa muller señora Lupe Fernandi trinta soldadas de viño e dous carneiros, de maneira que a partir deste día e en adiante permaneza a predita herdade de Penela por dereito hereditario xunto a Sobrado a perpetuidade. E este feito noso permaneza sempre firme.

Era milésima centésima nonaxésima e nas calendas (día 1) de febreiro. Estiveron presentes: [1^a columna] Archidiácono Iohannes Roderici cf., Suarius Folinus cf., Iohannes Arie decano cf.

[2^a columna] Petrus ts., Arias ts., Martinus t.,

[3^a columna] Martinus cf., Arias Petri cf., Petrus Arie cf.,

E os demais que viron e ouviron do condado de Monte Roso ts. e cf.

Petrus que escribiu [signo] ts. e cf.³

1. Andegavensium correspóndese co territorio francés de Anjou.

2. Roderico Alvari (Rodrigo Álvarez de Sarria) era neto materno do conde Fernando Pérez de Traba.

3. ts.: testemuña. cf.: confirmante.

III

Ano 1153, 1 outubro. (Loscertales, doc. 79. A.Tumbo II de Sobrado, fol. 43 r. e v.)

Fernando Adefonso e a muller dona Luppa Fernandi entregan ao capítulo de Sobrado a herdade da Penela que estivera en litixio entre esta e os frades.

Da herdade de Penela

Era milésima centésima nonaxésima primeira, nas calendas (día 1) de outubro. Decimos cédula e padula¹ e os que vexan ou escoiten por verdade sexa tomada. De onde a continuación a predicta herdade de Penela en litixio entre dona Luppa Fernandi e os frades de Sobrado cando don Iohannes, bispo de Lugo, a doara ao mosteiro de Sobrado por C soldos Andegavensios e polo remedio da súa ánima, por dereito hereditario, a perpetuidade. Sobre esta herdade fíxose a redacción de ambas pezas, na mirada do seu home don Fernando, isto é a vista da xustiza, ou sexa de Fernando Adefonso, logo a dita herdade tal como el mesmo decidiu que por ambas partes deste xeito a posuísen, e sen dúbida así se faría. Onde é que don Fernando Adefonso por desexo seu, veu ao capítulo de Sobrado e conxuntamente cos homes da familia naturalmente e a muller dona Luppa Fernandi e de todos os do capítulo xeral de Sobrado. Esta é a razón pola que entregaron a dita herdade cos seus dereitos ao mosteiro de Sobrado por dereito perpetuo, tal pacto para o servizo polo que salvan a súa ánima, como polos dous irmáns seus, despois da morte dos mesmos. E este feito noso por sempre permaneza firme, viva por sempre amén. Isto foi confirmado no capítulo de Sobrado en presenza do abade don Exidio e a comunidade do mesmo lugar.

Eu Fernando Adefonso e a miña muller Lupa Fernandi, cos fillos e fillas nosas isto fortalecemos coas nosas mans [signo] ou ben confirmamos.

Estiveran presentes: Petrus ts., Martinus ts., Iohannes Fernandi cf., Arias, ts., Petrus que escribiu ts. e cf., Velascus Fernandi cf., Lupus Petri cf., Munio Fernandi cf., Petrus Arie cf., Fernandus Arie cf.,

E este recoñecemento reforzamos nós e a nosa voz en cincocentos soldos para que así se faga despois da nosa morte.

1. «Cédula et padula dicimus», fórmula solemne que só se atopa neste documento entre os miles do repertorio de CODOLGA.

IV

Ano 1164, 1 xaneiro (Loscertales, doc. n.º 474, A.Tumbo I de Sobrado, fol. 147 r.)

Suario Diaz coa muller e fillos venden a Sobrado por seis marcas de prata pura unha herdade na vila de Untia.

CARTA DE DOMBRETH

Era milésima centésima segunda calendas (día 1) de xaneiro. Eu Suario Diaz conxuntamente coa miña muller Orvelido Guistrarit e os fillos nosos Veremudus, Petrus, Martinus e todas as nosas voces, damos aos frades de Sobrado a nosa herdade que ao presente temos ou debemos ter na vila que chaman Untia entre ponte e ponte, tanto de derrama como de gañancia, dentro e fóra, con todos os seus bens, de modo que se encerra entre ambos ríos de vea en vea, de modo que se separa da herdade de Bravío e está formada de tres partes íntegras, e outra cuarta parte é dos nosos parentes Petrus Heres e Nuno Heres e recibimos en prezo por ela seis marcas de prata pura.

[Incompleto. Falta o remate, testemuñas e confirmantes]

V

Ano 1172. 1 de maio. (Loscertales, doc. n.º 452. A.Tumbo I de Sobrado, fols. 139 r. e v.)

Sueiro Osorio de Messeus cos seus fillos Didacus, Fernando, Froila e María venden aos frades de Sobrado a súa quinta parte da herdade que teñen en Untia con Pelagio Tinnosu por setenta soldos así como a oitava parte do casal da Ponte por dez soldos.

Carta de Untia de Donbrete

Baixo o nome de Cristo, eu Suerius Osorit de Messeus cos meus fillos Didacus Suarit e Fernandus Suarit e Froyla Suarit e a miña filla María Suarii e todas as voces nosas, a vós, frades de Sobrado e todas as vosas voces, vendemos a nosa herdade de Untia que temos con Pelagio Tinnosu e é a quinta parte íntegra, polo prezo que nos destes, é dicir setenta soldos e a forza para a nosa satisfacción e de prazo e de confirmación nada queda con vós. Do mesmo xeito démosvos e vendémosvos a oitava parte do casal da Ponte por dez soldos e polas nosas ánimas e dos nosos pais e sucesores meus, de modo que teñades estas propiedades e fagades delas todo o que a vós satisfaga. Se alguén en verdade intentase violentar esta acción nosa, primeiramente sexan malditos e excomulgados e privados da vista e sexan xordos e mudos, cubertos de chagas, e por engadido condenados no inferno con Iuda traidor e sexan malditos ata a sétima xerazón, e pola súa temeridade paguen á parte rexia trescentos soldos e todo canto con intrigas se apoderasen o restituán cuatriplicado ao predito mosteiro no mesmo sitio.

Feita carta de venda na era milésima duocentésima décima e nas calendas de maio. Reinando o rei don Fernando en León e en Asturias e en Galicia. Arcebispo en Compostela Petrus Suerii. Conde Gomet tenente en Trastamara e Monte Roso e Monte Negro.

Os que presentes estiveron: Petrus Iohannes soldado testemuña, Pelagius Arie testemuña, Pelagius Iohannis testemuña.

Petrus Alfonsi presbítero de Bravío testemuña, frei Pelagius testemuña, frei Petrus Bispu testemuña, frei Rodericus testemuña.

Eu Suarius Osorit cos meus fillos e filla esta carta confirmamos coas propias mans [signo].

VI

Ano 1174. Marzo (Loscertales, doc. n.º 436, A.Tumbo I de Sobrado, folios 132 v.-133 r.)

María Suárez e o fillo Menendo Muñiz venden a Sobrado a súa herdade na vila de Untia por 30 soldos en moeda forte.

CARTA DE VILA UNTIA DE DONBRETE

[Cristo]. Baixo o nome de Cristo. Eu Maria Suarit co meu fillo Menendus Muniiz e todas as nosas voces, a vós frades de Santa María de Sobrado e a todas as vosas voces, facemos carta de venda con validez perpetua, de toda a nosa herdade canta eu teño ou debo ter na vila de Untia pola parte da miña nai Urraca Osoriz, por onde esta poiderades achar cerca e lonxe con todas as súas pertenzas, dou [a vós] esta herdade xa dita enriba por 30 soldos en moeda forte e un atabal de peros e outra de noces e en confirmación unha ducia de pixotas, e deste prezo nada fique pendente de vós. Así de xeito que agora do meu dereito sexa furtada e ao voso dominio sexa pasada e confirmada e fagades dela o que a vós vos praza. Calquer que da miña familia ou allea viñese estorbar contra esta carta sexa sempre maldito e excomungado e con Iudas traidor condenado no inferno e todo canto de aquilo vos leve ou fixese forza o devolva no cuádruplo, e para a parte rexia pague 300 soldos e este escrito permaneza sempre firme.

Feita a carta no mes de marzo. Baixo a era Milésima Duocentésima Duodécima. Reinando o señor rei Fernando en León, en Asturias e en Galicia. En Compostela o arcebispo Petrus Suerii. Petrus Vela arquiidiacono en Nendos. Conde Gometius en Trastamara e en Monte Negro e Monterroso. Nós os xa ditos neste escrito confirmamos coas nosas mans.

Os que presentes estiveron: Petrus Bispo cf., Iohannes Pelaz cf., Iohannes Iohanni cf., e Iohannes Salgadu cf.,

Petrus Martinum ts., Arias Petrit ts., Rodericus Fernan ts., frade Iohannes ts.

[sig.] Pelagius que escribiu.

VII

1174. Xullo (Loscertales, doc. n.º 445, A.Tumbo I de Sobrado, fols. 136 v.- 137 r.)

Os irmáns Rodrigo e Xohán Suárez e os seus curmáns Diego e Fernando Suárez venden a Sobrado as súas partes nunha herdade en Untia por 10 soldos cada un.

No nome de Deus. Eu Rodericus Suarit fillo de Urrace Osorit, irmá natural de Suerii Osorit e Munionis Osoriz, Froyle Osoriz e Marine Osoriz, conxuntamente coa miña muller Marina Pelaz e todas as nosas voces, a vós frades de Santa María de Sobrado e a todas as voces vosas, facemos carta de venda con validez perpetua de toda a nosa herdade canta eu Rodericus Suarit teño en Untia, para que a teñades esta con todas as súas pertenzas a perpetuidade por 10 soldos e por confirmación uns zapatos, e é a mesma herdade a quinta da quinta parte da mesma vila, porque somos cinco irmáns. Eu e Iohannes Suarit, Pelagius Suarii, Osorius Suarius e María Suarit.

CARTA DE DOMBRITI

Igualmente eu Iohannes Suarit douvos neste intre aos ditos frades outra quinta parte da mesma vila polo remedio da miña ánima, e é tanta canta a vós este irmán meu vos vendeu.- Do mesmo xeito nós Didacus Suarit e Fernando Suari e toda a nosa voz, fillos evidentes de Suerii Osoriz de Saa, igualmente vendemos toda a nosa parte de Untia por 10 soldos de moeda forte cunha favorable confirmación. Calquer que contra esta carta viñera a interporse sexa sempre maldito e páguevos 200 soldos e esta escritura permaneza firme.

Feita a carta no mes de xullo en tempos da era milésima duocentésima duodécima. Nos os xa nomeados nesta escritura confirmamos coas nosas mans [sig.]

Os que presentes estiveron: frei Petrus Bispus cf., Rodericus cf., Rodericus ts., Petrus ts., Arias ts.

Pelagius que escribiu

VIII

Ano 1189. 16 (?) de novembro (Loscertales, doc. n.º 231. A. Tombo I de Sobrado, fols. 87 v.- 88 r.)
Pedro Arias e os seus oitos irmáns venden ao abade de Sobrado a súa herdade, que teñen dos pais e avós, na vila de Rippa.

DE RIPA

No nome de Deus. Eu Petrus Arias cos meus irmáns chamados Nuno Arias, Sanctius Arias, Maior Arias, María Arias, Gudina Arias, Azenda Arias, Marina Arias, outra María Arias, a vós abade don Fernando e prior Petro Muñoz e a todo o convento de Santa María de Sobrado, facemos carta de venda da nosa herdade propia que temos dos noso avós e pais na vila que chaman Rippa, a porción nosa íntegra, e a mesma herdade está no territorio de Nendos, baixo o monte Paraños, entre os dous ríos, ou sexa, Mandeu e Mudi, concurrente á igrexa de San Martiño de Bravío, dámosvos nela canto para a aseguranza dos homes, ou sexa árbores froiteiras ou infrutuosas, pedras móbiles e inmóbiles, augas correntes ou estancas, procedentes do monte ou apartadas, e recibimos de vós o prezo de corenta soldos Turonenses¹ e en confirmación un cuarto de cereal, prezo que a nós e a vós ben nos comprace, e diso a vós nada permanece en déveda por pagar, de tal xeito dende este día en adiante arreatado a noso dereito sexa entregado ao voso dominio para sempre e confirmado viva por sempre, séculos enteiros.

Feita a carta de venda na era milésima duocentésima vixésima sétima e a dezaseis días (?) das calendas de decembro. Reinando o señor rei Alfonso en León e en Asturias e en Extremadura e en Galicia. Conde Gómez Gonzalvo. Nas sede de Santiago o arcebispo Pedro Suárez, arquidiácono Pedro Vela, en Decalense o abade Iohanne. Se non obstante quen desconfiase que alguén de nós rogase ou rogasemos, pensara ou pensaramos en que esta carta se incumprise, sexa a Deus maldito ata a sexta ou sétima xerazón e en canto por isto sexa condenado a pagar o dobre e a mesma herdade prodúzavos a vós o dobre ou o triplu e a vos voz trescentos soldos pague. E este escrito sempre permaneza firme. Eu Pedro Arias cos meus irmáns, tanto homes como mulleres, esta carta que mandamos facer coas propias mans [signo] consolidamos. Os que estiveron presentes: Pelagius ts., Petrus ts., Martiño ts., Iohannes que escribiu.

¹ Soldos de Tours. Moeda francesa (como os soldos Audagavenses) que circulaba en Galicia polas relacións dos cistercienses coa casa matriz e dalgunhas familias da nobleza galega.

IX

Ano 1190. 8 de maio. (Loscertales, doc. n.º 454. A. Tumbo I de Sobrado, fol. 140 r.)

Escritura de acordo entre os frades de Sobrado sobre o casal de Suario Didaci, a quen mercaron a súa parte, e de Hero Golmarit que ten nel unha cuarta parte.

CARTA DE DONBRETE

Era milésima duocentésima vixésima oitava e a sete días dos idus de maio. Este é o acordo que foi ordeado antes entre os frades de Sobrado e Petrum Heres e Osindam Didaci e agora é feito do casal de Suario Didaci e Hero Golmarit. Os frades de Sobrado mercaron tres cuartas partes do casal de Suario Didaci e Hero Golmarit tiña a cuarta parte e a cal cuarta estaba ben plantada, fixeron pacto entre os frades e Hero Golmarit e a súa muller de xeito que fose plantada e para a plantaren conxuntamente polas dúas partes dividirona polo medio a perpetuidade, e os fillos e netos de Hero Golmarit velarían fielmente as plantacións e os frades de Sobrado mercarían de Ousinda Didaci e dos fillos seus tres cuartas do pumar de Porta agás a cuarta dunha nogueira e polas tres cuartas entregaron¹ para os frades o pumar vello e a cuarta do pumar de Porta.

Quen este pacto rachase pague cincuenta soldos e este pacto permaneza sempre firme. Os que presentes estiveron: Petrus ts., Iohannes ts., Pelagius ts., Froyla ts., Fernando quen escribiu confirmante.

¹ «intergavunt» na transcripción, quizá erro por «integraverunt» (de integrare) que aparece en doc. do ano 997 (codolga, Sangil, Lugo/135)

X

Ano 1195. 1 de novembro. (Loscertales, doc. n.º 237. A. Tumbo I de Sobrado, fol. 89 v.)

Os irmáns Petrus, Pelagius, Iohannes e Guntrode Pelagii venden ao abade de Sobrado don Simeoni unha leira no lugar de Ripa por 25 soldos.

DE RIPPA E DE UNTIA

Fágase o inicio do escrito no nome de Cristo. Eu Petrus Pelagii e Pelagius Pelagii e Iohannes Pelagii e Guntrode Pelagii e todas as nosas voces facemos carta de venda e confirmación e reforzamos a escritura con Deus omnipotente e a beata María sempre virxe e todos os demais santos cuxas reliquias permanecen encerradas no mosteiro de Sobrado e a vós pai e abade don Simeoni e todo o convento do mesmo sitio, tanto presente como futuros, e todas as vosas voces, dunha leira íntegra coa súa plantación no lugar antedito na vila de Ripa de Untia e pertencente á igrexa de San Martiño de Bravío e ten asento a citada leira entre o celeiro de Roderico Bravo e a casa de Petro Iohannis e temos cobrado o prezo por aquela parte de 25 soldos do que nos comprace suficientemente, e do prezo nada fica en déveda por pagar, senón que está todo completo. E esta acción nosa permaneza sempre firme.

Feita a carta de venda e confirmación baixo a era milésima duocentésima trixésima terceira nas calendas de novembro. Os que estiveron presentes foron:

Petrus ts., Arias ts., Pelagius ts.,

Petrus Tritino presbítero cf., Petrus presbiter cf., Martinus Carnota cf.

Maiorino Rodericus Petri de Laureiros ts. e cf., E varios máis que viron e oíron. Henrico que escribiu ts. e cf.

Isto foi feito no capítulo de San Martiño de Bravío. Nós, arriba nomeados en esta carta que mandamos facer, reforzámola coas propias mans [signo].

XI

Ano 1196. Novembro (Loscertales, doc. n.º 238. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 89 v.)

Dona Urraca Veremudi fai doazón a Sobrado da herdade que teñen Rippa pola parte do seu pai Veremudi Petri.

No nome de Deus Eu dona Urraca Veremudi, filla de don Veremudi Petri, a vós frei Froile Camba e demais frades do mosteiro de Sobrado, fago carta de doazón da miña herdade propia que teño en Rippa pola parte do meu pai don Veremudi Petri con todas as súas pertenzas, dentro e fóra, con todas as súas voces, para que a teñades e fagades dela o que vos agrade. Se os que esta carta de doazón que polo remedio da miña ánima e dos meus pais, mandei facer fose quebrantada, incurra na ira de Deus omnipotente e páguevos a mesma herdade duplicada e pague á voz rexia cincocentos soldos.

Feita carta de doazón na era milésima duocentésima trixésimo cuarta, mes de novembro. Reinando o rei Alfonso en León e en Asturias e en Extremadura e en Galicia. Conde Gometio tenente de Trastamara e Monterroso e Montenegro e Sarria. Petro Suarii rexente na igrexa Xacobitana. Os presentes foron:

Garssia Menendi ts. e cf., Menendus Mendi ts. e cf., Martinus Maurus ts. e cf. Munio ts. e cf., Frei Iohannes ts. e cf., frei Pelagius Petri ts. e cf., Petrus ts. e cf., Iohannes ts. e cf., Pelagius ts. e cf. Petrus quen escribiu.

Eu, dona Urraca Veremudi fago valer esta carta e confirmo e don Froila Cambas entregoume en corroboración catro carneiros e catro queixos e un porco óptimo. Esta carta de propiedade corroboro e confirmo e permaneza sempre en vigor.

XII

Ano 1200, P. (Loscertales, doc. 450, A.Tumbo I de Sobrado, fol. 138 r. e v.)

Pedro, Johán e Ordoño Pérez venden ao monxe Pelaio mestre de Dombrete tres quintas dunha cuarta dun casal que teñen con Pedro Núñez na vila de Untia por oitenta soldos.¹

CARTA DE DOMBRETH

No nome de Deus. Eu Petrus Petri e Iohannus Petri e Ordonius Petri, a vós frei Pelagio mestre de Dombrete, vendemos tres quintas partes dunha cuarta do casal que temos con Petrus Nuniz na vila de Untia e está por enriba da ponte das Cascas, e vindo polo agro do Cuvelo e de alí pola valgada en costa ata a Travesa que está diante da casa de Dombrete² e de alí polo medio do corral á cerdeira Lournal³ que está trala casa de Petro Nunit e de alí polo camiño ata o camiño de Cova e de alí ata a herdade de Petro Salgado e de alí ata o agro de Cuvelo, onde comezamos, canto a nós pertence baixo estes termos, tanto casas como plantacións con toda a herdae e con toda a súa voz por oitenta soldos e en confirmación un soldo. Se alguén ista carta infrinxira, sexa maldito a Deus e excomulgado e con Xuda traidor ao Saeñor castigado no inferno e a mesma herdade vos pague duplicada ou triplicada e á parte rexia cincuenta áureos pague. Reinando o rei don Alfonso en León e en Asturias e en Galicia.

Feita a carta na era milésima duocentésima trixésimo oitava. Gundisalvo Iohannis tenente de Trastamara e Pelagio Muniiz de Nemitos e Prucios. Petrus Suarii regente da igrexa xacobitana.

Os que presentes foron: Frei Petrus ts. e cf., frei Rodericus ts. e cf., frei Pelagius ts. e cf., Iohannes ts. e cf.

Froylla ts. e cf., Fernandus ts. e cf., Petrus ts., Patinus ts., Petrus Iohannis que escribiu.

¹ No Tumbo das Cascas (f. 188r.) transcríbese este documento e no encabezamento afirmase: «en el cual entran las aceñas y la Penela». E noutro encabezamento desta venda (f. 193r.) dise «que es la Penela». DAVIÑA SAIZ (2002).

² Neste documento fíxase a situación da casa de Dombrete, na travesa ou cruce que se atopa ao subir dende a ponte das Cascas.

³ No diccionario de Carré as cereixas lourás son unha «calidad de cerezas muy grandes, negras y dulces».

XIII

Ano 1202. 20 de marzo (Loscertales, doc. n.º 219. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 84 r. e v.)

Iohannes Martini, coa muller Guntrode Petri e os fillos venden un pumar en Rippa a don Froyle Cambas por vinte soldos e medio.

No nome de Deus. Eu Iohannes Martini e a miña muller Guntrode Petri e fillos meus e todos na miña voz, a vos don Froyle Cambas fago carta de venda dun meu pumar que fixen no mesmo agro que baixo a mesma fonte que é da herdade de Asperunca e de Sobrado, véndovos a vós aquel polo prezo que a nós e nós e vós ben comprace, isto é, vinte soldos e medio e en confirmación unha taleiga e media de cereal e do prezo nada permaneza en déveda con vós para pagalo. O mesmo pumar está na vila que chaman Rippa no territorio de Nendos, doutro xeito coincide co río de Mandeu, pertencente á igrexa de San Martiño de Bravío, deste xeito que fóra do día de hoxe sexa o mesmo pumar canto está no noso dereito e dos nosos fillos ou debemos ter de noso dereito sexa mesmo furtado e no voso dominio sexa entregado e confirmado en séculos enteiros.

Se non obstante quen fixese a menor desconfianza, de parte nosa ou de extraña contra esta carta, teña pedido ou teñamos pedido para perturbala pagar a vós o mesmo pumar duplicado e á parte rexia ou voz vos a pague cen soldos.

Feita a carta de venda baixo a era milésima duocentésima cuadraxésima e a tantos como décimo terceiro para as calendas de abril. Eu Iohannes Martini e a miña muller Guntrode Petri e todas as voces miñas a vós frei Froyle Cambas e todas as voces nosas esta carta que mandamos facer coas propias mans confirmamos [signo]. Os que estiveron presentes: Abade don Munio de Cins, Didacus Didaci cf., Sanctius Sanctii cf., Petrus ts., Martinus ts., Iohannes ts., Abbatinus que escribiu.

XIV

Ano 1202. 15 de maio (Loscertales, doc. n.º 232. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 88 r.)

Rodrigo Martiño, Martiño Martiño e Xohán Martiño, fillos de Martiño Iohannes de Rippa venden por dez soldos aos frades de Sobrado a cuarta parte íntegra dunha leira que teñen en Rippa e fica sobre outra que estes teñen en Figueiras.

No nome do Señor, amén. Nós, Rodericus Martini, Martinus Martini e Iohannes Martini conxuntamente, fillos evidentes de Martini Iohannis de Rippa e todos á nosa voz, a vós frades de Sobrado todas as voces vosas, de grato ánimo e boa vontade, facemos carta de venda con validez perpetua da cuarta parte íntegra de unha leira que temos na vila que adoitan nomear Rippa, e fica a mesma leira sobre outra vosa de Figueiras, tal que a teñades e posuades libremente coa súa plantación e dereitos a perpetuidade polo prezo que a nós nos comprace, isto é, dez soldos e para confirmalo unha taleiga de cereal. Quen esta carta infrinxise sexa sempre maldito e pague a vós cen soldos e este escrito sexa sempre firme.

Feita a carta nos idus de maio, era milésima duocentésima cuadraxésima.. O que vai dito neste escrito nós coas nosas voces confirmamos [signo]. Os que estiveron presentes: Froila Cambas, que pagou o prezo, ts. e cf., frei Martinus ts., Pelagius cf., Petrus Garssie soldado ts., Petrus Petri de Rippa cf., Gundisalvus Petri conf., Perroch ts., Pelagius Pelagii soldado cf., Iohannes Pelagii cf., Petrus Iohannes que escribiu.

XV

Ano 1202. 15 de maio. (Loscertales, doc. n.º 233. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 88v.)

Iohannes Pelagii de Ripa coa muller Eldara Froile venden a Sobrado a súa parte dos pomares de dona Chamua por sete soldos e medio.

No nome de Deus. Eu Iohannes Pelagii de Ripa coa miña muller Eldara Froile e todas as voces miñas, a vós frades de Sobrado e todas as vosas voces, fago carta de venda con validez perpetua, da décima parte íntegra daqueles pomares que chaman de dona Chamua co seu terreo e dereitos para que teñades esa porción en posesión perpetua polo prezo que me comprace, isto é, sete e medio soldos, e para corroborar un queixo.

Os que esta carta infrinxisen permaneza maldito sen fin e páguevos a vós cincuenta soldos, e este escrito sexa firme sempre.

Feita a carta nos idus de maio, era milésima duocentésima cuadraxésima. Eu coas miñas mans [signo] confirmo o que vai dito neste escrito. Os que presentes estiveron: Froila Cambas que pagou o antedito prezo, ts. e cf., Petrus Petri de Ripa ts. e cf., Iohannes Pelagii cf., frei Iohannes Nuniz ts., Perroch cf., Petrus Garssia soldado cf., Pelagius soldado cf., Pelagius Pelagii soldado cf., Gundisalvus Petri soldado cf., Petrus Iohannis que escribiu.

XVI

Ano 1202. 15 de maio. (Loscertales, doc. n.º 234. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 88 v.)

Pelagius Pelagii de Ripa cos fillos Roderico Pelagii e Elvira Pelagii e o neto Munionis Galego venden a Sobrado un leira por doce soldos.

ESCRITURA DE RIPA

No nome de Deus. Eu Pelagius Pelagii de Ripa cos meus fillos Roderico Pelagii e Elvira Pelagii, neto, isto é Munionis Galego, e todas as voces nosas, a vós Santa María de Sobrado e todas as voces vosas, de grato ánimo e boa vontade facemos carta de venda con validez perpetua da metade dunha leira que chaman de Octavis, coa súa plantación e dereitos, por doce soldos e un queixo pola confirmación. A partir de agora así pois tédea vós e posuídea a perpetuidade, que nos por esta noutro lugar temos refeito con nosos parentes. Quen esta carta infrinxira sexa abatido polo demos e páguevos cincuenta soldos e este escrito sexa firme sempre.

Feita a carta nos idus de maio, era milésima duocentésima cuadraxésima. O que nós xa dixemos neste escrito, confirmámolo coas nosas mans [signo]. Os que presentes estiveran: Froila Cambas que pagou o prezo antedito, ts. e cf., frei Iohannes Nuniz cf., Petrus Garssie soldado cf., Perroch ts. e cf., Pelagius cf., Petrus Petri de Ripa cf., Pelagius Pelagii soldado cf., Gundisalvus Petri cf., Iohannes Pelagii cf., Petrus Iohannis que escribiu.

XVII

Ano 1206. 8 de outubro (Loscertales, doc. n.º 235. A.Tumbo I de Sobrado, fols. 88v.-89r.)

Dona Tharasia Veremudi fai doazón a Sobrado da súa herdade na vila de Untia no lugar de Ripa.

ESCRITURA DE RIPA

No nome de Deus. Eu dona Tharasia Veremudi e todas as voces miñas, a vós frades do convento de Santa María de Sobrado, fago carta de doazón e escritura feita con firmeza da porción íntegra da

miña herdade que teño ou estou obrigada a ter na vila de Untia no mesmo lugar que é chamado Rippa en validez perpetua. E isto fago polo remedio da miña ánima e a dos pais meus, de modo que me aproveite a min e a eles pola saúde da ánima e do corpo na vida eterna. Por isto pois no día e sucesivamente a teñades con dereito hereditario con todos os dereitos de sí por onde a poderedes achar libre e pacificamente. Se alguén pois, da parte miña ou de extraña, contra este meu feito voluntario viñese atacar e o tentase infrixir, por Deus sexa el maldito ata a eternidade. E este escrito sempre permaneza firme.

Feita carta na era milésima duocentésima cuadraxésima cuarta, oitavo día de Outubro. Os que estiveron presentes: Henricus prior de Sobrado cf., Petrus Petri mestre dos conversos cf., Arias Iohannis cf., Ovequs Froile cf., Nuno cf., Iohannes cf.,

Eu dona Tharasia esta carta que mandei facer coas propias mans corroboro e confirmo

XVIII

Ano 1206. 16 de abril (Loscertales, doc. n.º 236. A.Tumbo I de Sobrado, fol. 89r.)

Iohannis Petri, María Petri e Marina Petri venden a don Froile Camba a súa parte no casal de Roderico Bravo na vila que chaman Rippa, por cincuenta soldos.

ESCRITURA DE RIPA

No nome de Deus. Saiban tanto os presentes como os futuros que nós Iohannis Petri e María Petri e Marina Petri vendimos a don Froile Camba a nosa herdade que temos na vila que chaman Rippa, no casal de Roderico Bravo, e é a sétima parte íntegra e a metade doutra sétima, por cincuenta soldos, e despois don Ovequs mestre da Granxa de Querquotorto¹ deunos a nós dez soldos pola sobredita herdade precisamente en ano malo eam venderamos e unha cabra co seu fillo e un queixo e manteiga en confirmación. Agora, así pois, nós arriba citados damos a vós frades de Sobrado a citada herdade con todas as súas pertenzas, dentro e fóra, perto e lonxe, polo citado prezo e confirmación, de maneira que a teñades e posúades e fagades dela o que a vós praza. Se algún home da miña parte ou allea quebrantase esta carta de venda, páguevos a vós a mesma herdade duplicada e á vos voz ou á do rei douscentos soldos, e sexa maldito e con Iuda traidor condenado no inferno.

Feita a carta de venda na era milésima duocentésima cuadraxésima cuarta, a dezaseis para o comenzo de maio. Reinando Adefonso en León, en Extremadura, en Asturias, en Galicia. Petrus Suarii rexente da igrexa Compostelá. Gundisalvo Nuniz tenente en Monterroso e metade de Trastamara. Conde Gometio tenente da outra metade. Os que estiveron presentes: don Iohannes Arias abade de Bovatella testemuña.

Frei Iohannes Nuniz testemuña, frei Munio testemuña, frei Iohannes Froile testemuña, Fernandu monxe de Bovatella testemuña, Petrus Veremundi despenseiro de Sobrado testemuña, Petrus Iohannis cantor de Sobrado testemuña.

Pelagius presbitero de Oix² confirmante, Pelagius Petrum clérigo confirmante, Martinus Roderici canteiro confirmante, Silvestre canteiro confirmante.

Petrus que escribiu.

¹ Carballo Torto, aldea da freguesía de Vilarraso, concello de Aranga, onde os monxes de Sobrado tiñan unha das súas granxas.

² Unha das dúas igrexas do concello de Coirós: Santa María ou Santiago de Ois.

XIX

Ano 1213. 16 de setembro. (Loscertales, doc. n.º 453, A. Tombo I de Sobrado, fol. 139 v.-140 r.)
Petro Petri e Iohanne Petri, ditos Sancii, reciben de Sobrado unha parte dunha herdade en Untia que os monxes recibiran deles e que á súa morte tornaría a Sobrado onde recibirían sepultura.

CARTA DE UNTIA DE DONBRET

Era milésima duocentésima quincuaxésima primeira e a 16 días para o comenzo de outubro. No nome do Señor. Saiban todos tanto presentes como futuros, así a saber que nós irmáns frades do convento de Santa María de Sobrado tanto monxes como conversos a vós Petro Petri e Iohanne Petri, chamados Sancii, aos dous xuntos ao mesmo tempo, por medio, damos parte da metade da mesma herdade que xa xuntáramos (mercáramos) de vós. E está a mesma herdade na concurrencia¹ da igrexa de San Martiño de Bravío, na vila que chaman Untia, de xeito que a mesma herdade divide polos seus lindes antigos, por onde xa confrontábase (mercáramos) de vós e está dividida a mesma herdade, a saber, pola ponte que chaman de Cascas, logo polo pumar de Covelo, despois polas propias marcas que están diante da porta da casa de don Vela e logo polo mesmo marco do pumar de Porta, de xeito que está dividida polos cómaros da Cumdumina² e dividida pola herdade de Penela. Concedémosvos a metade da mesma herdade para que a teñades en tanto vivades. Tal é a condición que á vosa³ morte a deixedes a Santa María de Sobrado. E o que primeiro morrese de vós deixe a súa parte á mesma herdade de Santa María, e así debedes os dous facer sen engano. Á vosa morte verdadeira debedes recibir sepultura no cemiterio de Santa María de Sobrado. E quen descoidare de nós peite cincocentos soldos e aínda a herdade duplicada. Nós, enriba escritos, coas nosas mans corrobóramos.

Destas partes son testemuñas: Dos clérigos: don Petro Iohannis, monxe testemuña, frei Martiño monxe ts., Pedro Dulcum presbítero ts., M. Vermudez de Vila Ousaz ts., Vermudo Bazacho ts. Dos laicos: Iohannes Pelaz Salgado ts., I. Ruderici alcayde ts., L. Iohannis de Guimarane xuíz, ts., Iohannes Salgadino xuíz ts., e todos os máis videntes e oíntes e confirmantes. E o concello de Betanzos. Michael Petri entre eles estivo presente e escribiu.

¹ En Núñez-Varela e Rivadulla (1984:52) traducen «concurrentia ecclesia» pola expresión «que chega a la iglesia», dándolle así unha excesiva extensión a esta propiedade. O senso é de pertenza a esa fregresía e non de extensión.

³ Esta Condomiña (hoxe descoñecida) non debe confundirse co topónimo similar situado no barrio da Magdalena, fregresía de San Pedro das Viñas.

² Erro datranscriptora ou do escribano. Na transcripción do documento figura «nostrum» en lugar de «vostrum», o que é un contrasenso.

XX

1219 Febreiro 13

(A.Arquivo Histórico Nacional. CLERO-SECULAR_REGULAR,CAR.538,N.8_01)

Acordo entre o rei Alfonso e o mosteiro de Sobrado para que a vila de Betanzos se traslade ao Castro de Untia, propiedade do mosteiro, a petición dos seus habitantes.

No nome de noso Señor Xesucristo, amén. Saiban todos tanto presentes como futuros que vexan a presente páxina que eu Alfonso, rei de León e Galicia pola graza de Deus, traslado a vila de Betanzos ao Castro de Untia, a instancia e petición dos habitantes da mesma vila, e como o propio castro era herdade do mosteiro de Sobrado, en compensación pola mesma herdade, dou e asigno a perpetuidade a vós abade don Henrique e comunidade do mesmo mosteiro de Sobrado a cuarta parte

de todos os rendementos ou proveitos da mesma vila e que á mesma vila pertencan, tanto por mar como por terra, para que a mesma cuarta vós e o propio mosteiro libre e pacificamente sin contradición algunha a posuades por dereito hereditario a perpetuidade, coa metade de todas as capelas que na mesma vila sexan construídas, como o que alí mellor habedes e libremente posuídes. E sábase que vós, abade e convento do dito mosteiro, dádesme a min neste intre para a poboación de dita vila o sobredito castro de Unctia e todas as outras herdades que tedes no arredor do mesmo castro, ou sexa, pola fonte que está na ribeira do río Mandeo perto da ponte de Unctia e de alí cara arriba pola valgada antiga e de alí polo camiño que leva ao voso hórreo, agás o propio hórreo co seu corral, e de alí de xeito que encerran ao propio castro e ás anteditas propiedades os dous ríos dun lado e outro.

Se alguén tanto da nosa parte como allea viñera interferir contra esta acción nosa e dalgún xeito quebrantase a nosa carta de concesión, incurra na ira de Deus omnipotente e na rexia indignación, e canto usurpare ao abade e sucesores de dito mosteiro llo restituía dobremente, e pola súa temeridade pague á parte rexia mil morabetinos, e xunto con Xudas, traidor ao Señor, e con Datán e Abirón, tragados vivos pola terra, pague penas perpetuas no inferno, non obstante a carta permaneza en vigor.

Feita a carta en Valencia, a día trece de Febreiro, era MCCL sétima.

Eu, o señor rei A. [Alfonso] corroboro esta carta que madei facer e a confirmo e reforzo co meu selo.

+ SELO DO ILUSTRE ALFONSO REI DE LEÓN E GALICIA

(1.^a columna)

Pedro III Arcebispo Compostelano existente

Johan Bispo de Oviedo

[Rodrigo] Bispo de León

[Lourenzo] Ourense electo

[Estevo] Bispo de Tui

[Ordoño] Bispo de Lugo

[Pedro III] Bispo de Astorga

Martiño Bispo de Zamora

Gunzalvo Bispo de Salamanca

Gunzalvo Bispo de Salamanca

Lombardo Bispo de Cidade [Rodrigo]

(2.^a columna)

Conde don Fernando vasalo do Rei existente

Conde don Gonzalvo vasalo do Rei

Don Iohan Fernandez, abandeirado do señor Rei tenente de Trastamara e Monterroso e Toroño

Don Velasco Gomez tenente de Montenegro

Don Martiño Sancii tenente de Limia e Sarria

Don Lourenzo Suarez maiordomo do Rei tenente de Extremadura

Don Fernando Alva tenente de Maiorga e Coria

Don Fernando Fernandez tenente de Sanabria e Benavente

Don Diego Froilo tenente de Mansilla e Castroterra

Pedro Perez archidiacono Salamantino tenente da Chancelería. Mestre Miguel Notario do señor Rei escribiu e confirmou.

XXI

Ano 1225. 21 de abril. (Loscertales, doc. n.º 455, A. Tumbo I de Sobrado, fol. 140 r. e v.)

Pacto entre os frades de Sobrado e Petrus Mancibu e a súa muller Marina Velaz pola que estes empeñan tres quintas partes dunha herdade en vila Susu de Untia por cento oitenta soldos a condición de que á súa morte todas as partes da herdade pasarán ao mosteiro e recibirán sepultura nel.

CARTA DE UNTIA DE DONBRETE

Era milésima duocentésima sesaxésima terceira e a onceavo para o comenzo de maio. Saiban todos presentes e futuros que este é un pacto e cousa que comprace firmisimamente en trescentos soldos confirmados, que é feito entre os frades de Sobrado, por unha parte, e Petrum Mancibum conxuntamente coa súa muller Marina Velaz por outra. Posto que eu Petrus Mancibu conxuntamente coa antedita miña muller poño a vós frades anteditos a herdade que eu teño en fianza dos netos de Marina Osoriz en vila Susu de Untia por cento oitenta soldos, de tal maneira está claro que o pacto que eu Petrus Mancibu xuntamente coa miña muller teñamos dúas quintas partes da predita herdade e vós de Sobrado teñades e habedes outras tres quintas partes da antedita herdade. E se eu Petrus Mancibu, tanto estas dúas quintas partes como outras herdades que teño coa antedita muller miña en Untia, vendera ou donase ou empeñase ou dera en esmola, ou doutro modo quixese allear, soamente a vós frades supraditos debo dar e non noutra parte e cando eu o antedito Petrus a vós frades teña dado cento oitenta soldos dos que me destes pola supradita herdade dados en empeño da miña herdade no día de San Martiño e polo interese destas herdades debédesme dar un queixo por sinal. Por outra parte, vós, frades, recobrades de nós en beneficios e nas vosas oracións tanto en vida como na morte e concedédesnos sepultura no voso mosteiro, e nos dámosvos á morte a nosa parte da nosa herdade e do noso haber a vós, o que nos comprace polo remedio da nosa ánima. Se alguén isto decidise infrinxir pague á parte contraria a pena de satisfacción arriba escrita. Os que presentes estiveron: Petrus Iohannis mestre dos conversos ts., frater Petrus Nabo mestre de Dumbritti ts., Iohannes Salgadu ts., Petrus Iohannis de Gimaraes ts., Michael carpinteiro ts., Rodericus ts.,. E sabendo que outras tres quintas partes que os frades teñen en empeño da antedita herdade se eu Petrus Mancibu as extraese de empeño deben estar no antedito convenio.

Eu Petrus Mancibu conxuntamente coa miña muller Marina Veaz e todas as voces nosas con satisfacción corroboramos e confirmamos [signo].

E todos os descendentes nosos deben manter esta satisfacción con vós.

Pelagius que escribiu.

XXII

1229, Abril 22. (González, Alfonso IX, doc. n.º 595, A.H.N., Cines)

Alfonso, rei de León e Galicia doa ao mosteiro de San Salvador de Cis a freguesía de Santa María de Sarandóns a cambio dunha herdade debaixo do foxo do Castro de Uncia.

Coñecido sexa tanto polos presentes como polos futuros que eu, Adefonsus, rei de León e Galicia pola graza de Deus, dou e aseguro a Deus e ao mosteiro de San Salvador de Cines toda a freguesía de Santa María de Serandones, con todos os seus dereitos e cantas pertenzas nese lugar se recoñezan pertencer á voz rexia, pola herdade que [pola mesma] recibín na poboación de Castro de Uncia, debaixo do foxo, de auga a auga. E defendo o que reforzo e aseguro que ninguén faga alí mal ou prexuízo. E o que [sobre isto] dende entón outro fixera, padecerá a miña ira e duplicará canto de alí se apoderase, e a min en garantía pague mil morabetinos¹.

Feita a carta en Benaventum, a 22 días de abril, era milésima duocentésima sesaxésima séptima.

1 morabetino: primeiras moedas de ouro dos reinos cristiáns acuñadas case ao mesmo tempo (s. XII-XIII) nos reinos de León e Galicia, Portugal e Castela.

XXIII

1229 (Loscertales, doc. n.º 444, A.Tumbo I de Sobrado, fol, 136 v.)

Azenda Petriz de Untia manda a Sobrado o seu corpo xunto coa quinta parte do souto das Negraes que os frades tiñan en prenda.

KARTA DE UNTIA E DE DOMBRITI

Era milésima duocentésima sesaxésima sétima. Eu Azenda Petriz de Untia mando o meu corpo a Santa María de Sobrado e mando comigo a quinta [parte] do mesmo souto que os frades de Donbrete tiñan en prenda de min e do meu marido Martinus Suerii, damos e quitamos de nós e de toda a nosa voz a mesma quinta do mesmo souto das Negraes¹. Os que presentes foron: a miña filla María Martini e os meus netos Martinus e Iohanne Amador, e Petrus Iohanne soldado de Ovre² e outros moitos bos homes e frei Martinus mestre de Donbrete ts., e frei Martinus Beiteyro converso ts., e frei Petrus conversus ts.

¹ No tumbo das Cascas (Daviña, 2003:156-7) atopamos dúas referencias posteriores a este topónimo: «viña a las Negradas en S. Martín de Bravío» e «viña que jaz enriba alta [Ribalta] donde dicen as Negras, feligresía de Pontellas». Creemos que se trata do primeiro.

² En Núñez-Varela e Rivadulla (1984:57) traducen ao español o «miles dou re» do documento como soldados del rey» (¿?). Creo que se debe interpretar como «soldado de Ovre», pois «miles» está en singular e o «dou re» debe ser unha mala transcripción do documento latino por «doure» ou «dovre». Obre, na grafía actual, é freguesía próxima a Untia na outra ribeira do Mandeo, xa citado en documento de 1140.

XXIV

Ano 1235. 18 de Marzo (Loscertales, doc. n.º 442, A.Tumbo I de Sobrado, fol, 135 v.136 r.)

María Petri, por outro nome Ingratia, o home Pelagio Petri, chamado Mestre, e os fillos Petro Pelagii e María Pelagii venden a Sobrado a súa herdade na vila de Untia chamada Souto de Pinela.

CARTA DE DUMBRITU. NA VILA DE UNTIA

No nome de Deus. Eu María Petri, por outro nome Ingratia, conxuntamente co meu home Pelagio Petri, chamado Mestre, e os nosos fillos Petro Pelagii e María Pelagii, por min e pola miña voz e por outros fillos nosos, a ti frei Roderico mestre de Donbrete, na voz de Sobrado, prácame a min e convén, sen nengunha orde dos da familia nen aconsellada pronuncio claramente pero acedendo pola miña propia vontade, de modo que facemos a ti carta de venda e texto de escritura perdurable da miña propia herdade que teño dos avós e pais pola miña parte, na vila de Untia pertencente á igrexa de San Martiño de Bravío chamada Souto de Pinela¹ canto aquí teño ou debo ter e é a cuarta parte de todo o souto tal como está dividido dos outros herdeiros, polo prezo que a min e a ti suficientemente compace e de que nada permanece sen pagar, é dicir, cincuenta soldos e tres vacas valoradas en setenta soldos de prezo e dous queixos en confirmación, e disto son ben pagada.

Así, deste xeito, de hoxe en día e tempo de dominio meu estea rematado e no teu dominio entregado e confirmado. Vendades, doádedes, empeñádedes, fagades por iso o que calquera dos vosos desexe. Se alguén, sen embargo, porque non confiase en alguén, viñera ou viñese, tanto da miña parte como tamén de extraña contra esta carta para perturbala calquera que fose sexa maldito e con Xudas traidor ao Señor e con Datam e Abiron, aos que tragou a terra vivos, padeza as cadeas infernais, e cantos a vós teñan acusado falsamente paguen dobremente ou triplemente ou canto a

vós fora máis mellor, e por engadido pola ousadía temeraria á parte rexia e vosa cen morabetinos non duvide aumentar. Eu, Maria Petri, xa enriba nomeada conxuntamente co meu home Pelagio Petri e os nosos fillos esta carta que mandamos facer e escoitamos ler consolido e confirmo coas propias mans.

Feita a carta de venda e o texto de escritura que perdurará, baixo a era milésima duocentésima septuaxésima terceira e a décimo quinto para as calendas de abril. No tempo do rei Fernando. Na sede de Santiago o arcebispo Bernardus. En Trastamara Roderico Gumet. Arquidiácono de Nendos Iohanne Cresconii, Alcaldes en Betanzos Iohanne Roderici e Pelagius Iohannis. Michael Ioahnnis agricultor. De estas cousas son testemuñas:

Petrus Mancipio, ts., Martinus Petri, ts., Petrus Iohannis, ts., Iohannes Bravus ts., Iohannes Amator ts. [signo entre as dúas columnas]

Petrus confirma, Martinus cf., Iohannes cf. e outros máis videntes e confirmantes.

Petrus escribiu [signo]

¹ Este Pinela debe ser o que aparece como Penela nos apéndices II, III e XIX.

XXV

1241. Xullo 16. (Loscertales, doc. n.º 441, A.Tumbo I de Sobrado, fol. 135 r. e v.)

Alfonso Eriz e seus curmáns retiran a demanda que mantiñan con Sobrado sobre unha herdade en Untia e renuncian a ela a cambio de seren recibidos á súa morte no mosteiro.

CARTADE DUMBRITI

[Cristo] No nome de Deus. Eu Alfonsus Erit, fillo de Marie Moniiz, cos meus consanguíneos, é dicir, Fernandus Menendi e Gundisalbus Menendi e Iohannes Menendi e Petrus Menendi, fillos de Menendus Moniiz, e todas as nosas voces, a vós don Iuliano prior de Sobrado e ao convento do mesmo lugar e a todas as vosas voces, en presenza de todo o voso capítulo, anunciamos e quitamos toda a demanda da herdade que xulgabamos ser nosa na vila de Untia, que foi da parte da nosa avoa Marie Suerii, filla de Urrace Osorrii, e nós entregamos esta a vós e achamos esta neste intre entregada tal como esta fora dada a nosa avoa cos seus fillos, e nós renunciamos a esta polo remedio das nosas almas e da dos nosos pais, e vós ao lado do amor de Deus recibidedesnos na familiaridade e polas oracións e beneficios vosos, e coñecida a nosa morte polos frades, que as nosas exequias fosen, sexa levado para o mosteiro cos nosos asistentes e os nosos parentes e nos concedémosvos ser fieles familiares e contribuír a vós e á vosa casa en todo o que poidamos.

Se alguén da nosa parte ou allea viñese interrumpir esta acción nosa, sexa maldito a Deus e escomungado e permanezan cegos e mudos e xordos e leprosos e con Xuda, traidor ao Señor, condenado no inferno e a cantos o acetasen ou forzasen o restitúan no cuádruplo e pague 500 soldos á parte rexia, e este feito noso permaneza sempre firme.

Feita a carta en Sobrado baixo a era milésima duocentésima septuaxésima novena e a dezasete para as calendas de agosto. Reinando o rei don Fernando en Castela e León, en Toledo, en Galicia e en Asturias. Arcebispo de Compostela Iohanne Arie, Roderico Gomet tenente en Trastamara e Monte Negro e Monte Roso. Arquidiácono de Nendos Iohannes Cresconii. E nós todos enriba xa nomeados esta carta consolidamos coas nosas mans. Os que presentes estiveron: Don Iuliano prior de Sobrado ts.

Don Iohannis Nunit ts., Veremudus Odoarii, Iohannes Iohannis ts., Martinus Froye ts.,

Don Rodericus Oveci ts. e cf., Iohannes Gaudioso ts. e cf., Iohannis Petri ts. e cf.

[sig.] Martinus que escribiu.

XXVI

1242. Marzo 16. (Loscertales, doc. n.º 470, A. Tumbo I de Sobrado, fols. 145 v. – 146 r.)

Frei Martinus, mestre da Granxa de Donbriti, fai acordo con tres matrimonios relacionados coa familia Petri sobre a herdade de Pumar Vello en Untia e outra no sitio das Nigraes.

DE DOMBRETH

Era milésima duocentésima oitoxésima e a 17 das calendas de abril. Coñecida sexa por todos os presentes e futuros que eu frei Martinus mestre da Granxa de Donbriti co consello e vontade dos frades da mesma Granxa, a vós Martino Petri e a vosa muller Azende Petri e a vós Petro Iohannis e a vosa muller Godine Petri e a vós Pelagio Petri e a muller vosa Marie Petri e a todas as vosas voces, facemos o acordo e convenio firmísimo corroborado en 100 soldos daquela nosa herdade que nós temos en Untia no lugar que chaman o Pumar Vello e a mesma herdade está separada polos seus cómaros e os seus marcos, tal acordo facemos con vós que ao cumprimento de dous anos debe estar plantada por vós íntegra de maceiras e no circunco de pereiras e de cerdeiras e debede pechala de bo valado desta pascua para a outra, e se vós outro froito cultivarades debedes dar dela a súa tercia parte íntegra aos frades de Donbriti na eira¹, e vós debedes igualmente ter dúas partes en paz, igualmente do froito das árbores da mesma herdade os frades de Donbriti deben teren a metade íntegra e vós a outra metade. E saiban todos que na mesma sobredita herdade érguense nese lugar unha ducia de árbores dos frades de Donbriti e os sobreditos frades deben levar dúas partes dos froitos das mesmas e os sobreditos homes a terceira parte. Do mesmo xeito eu frei Martinus mestre da citada Granxa e todos os frades da mesma Granxa a vós sobreditos homes un acordo semellante facemos con vós daquela herdade nosa que xaz valada xunto as Nigraes e esta herdade xaz sobre o souto de Cavaleyros, damosvos por tal acordo para que neste ano debe ser plantada por vós integramente de maceiras enxertadas, e de todo outro froito que vós cultivarades nesa mesma herdade debedes dar aos frades de Donbriti a tercia parte íntegra e vós debedes ter dúas partes, así tamén que todas as partes deben dar cada unha a súa semente e despois do froito da árbore deben ter os frades de Donbriti dúas partes e dos sobreditos homes e xeración súa a tercia parte íntegra. Se porén alguén pola parte dos frades ou pola parte dos sobreditos homes viñese ou viñesemos infrinxir contra este feito noso e os mesmos sobreditos homes o citado acordo non cumprisen pague a pena anterior escrita á parte sobredita. Reinando neste intre o rei don Fernando en Castela, en León, en Galicia. Arcebispo de Santiago Iohanne Arie, Abade no mosteiro de Cinis I. Petri. Don Roderico Gomet tenente en Trastámara e Monte Negro e Monte Roso. Os que presentes estiveron: Frei Martinus Roderici mestre da Granxa ts., frei Petrus zapateiro ts., frei Martinus carpinteiro ts., frei I. Menendi ts., frei I. Carnarius ts. e estaleiro, frei Martinus Suarius de Trasancos ts. I. de Deo ts., Petrus Dominici ts., Martinus Petri, ts. e outros moitos que isto viron e oíron. Martinus que escribiu.

¹ in a eyra: debe referirse á eira do casal de Dombrete en Untia.

² No Tumbo das Cascas atópase algunha referencia a este sitio: Así, nun foro de 1538 fálase de «una leira de viña que jaz enriba alta donde dicen as Negras, feligresía de Pontellas»; probablemente «enriba alta» está mal transcrito e quere dicir «en Ribalta». Outro sitio que podería facer referencia a as Nigraes é o que aparece noutro foro das Cascas: «VIÑA LAS NEGRADAS. En 2 de abril de 1506, Fr. Tomás de Saavedra, aforó a Alonso Yáñez y a dos voces una leira de viña a las Negradas en S. Martín de Bravío por renta del 4º del vino puesto en las Cascas a su costa y misión y más condiciones.» (Daviña 2003:156-7). Probablemente se trate deste segundo sitio. A localización do sitio de Cavaleyros levaríanos á que aquí se trata, seguramente a pertencente a Bravío.

XXVII

(s. XIII) (Loscertales, doc. n.º 443. Tumbo I de Sobrado, fol. 136 r. e v.)

Johan Sánchez doa a Sobrado a cambio de 50 soldos unha herdade en Untia que usufrutuará mentres viva.

CARTA DE DUMBRITI

Eu Iohannes Sancii dono a miña herdade que teño en Untia a Deus e Santa María de Sobrado a vós frei Roderico mestre de Donbrete¹ por 50 soldos que eu recibín de vós tal o acordo para que a teña en vida miña tamén e despois da miña morte sexa libre e queda. Os que presentes foron: Petrus Iohannes, Iohanne Amador, o seu irmán Martinus Iohannis, Petrus Mancipio, Dominico Michaeli.

¹ Frei Roderico aparece como mestre de Donbrete en documentos datados entre 1242 e 1245.

XXVIII

Sen datar. Século XIII (despois de 1219¹) (Loscertales, doc. n.º 456, Tumbo I de Sobrado, fols. 140v.-141v.)

Disputa entre os frades de Sobrado e os irmáns Iohannem Petri e Petrum Petri de Untia, «Sanchus», sobre tres quintas de unha cuarta do casal de Petro Nunii na vila de Untia sobre a ponte das Cascas.

CARTA DE UNTIA DE DONBRETE

Feita é a disputa entre os frades de Sobrado por unha parte, e Iohannem Petri e Petrum Petri de Untia, que chaman Sanchus, por outra, sobre tres quintas de unha cuarta do casal de Petro Nunii na vila de Untia sobre a ponte das Cascas. Os frades dicían que mercaran aos anteditos no seu xusto prezo a supradita herdade e os homes dicían que non era vendida senón empeñada. Por canto respeitamos o concello da vila nova de Betanzos e sometémonos aos fiadores e apoderamos de representante a Garsiam Menende para que estea ao mandado dos xuíces, é dicir Roderici Iohannis e Iohannis Roderici.

Cando ese asunto non poida ser rematado por estes xuíces, satisface ás partes que irán ao xuízo do rei. Naquel momento Iohannes Salgadu e Iohannes Amicus alcaides e os supraditos xuíces dixeron:

«Mandámosvos que dividades entre vós pola metade a herdade que está en discusión, así que os frades de Sobrado teñan a metade da predita herdade libre de todo engano e os homes teñan a outra. Semellante pacto que cando cada un deles recibise a súa parte da predita herdade permaneza ao mosteiro libre de todo impedimento». Entón Martinus Veremudi de vila Ousat, que era avogado por parte do mosteiro, dixo: «Digan estes frades e recoñezan se a eles lles prace». E dixo entón o prior don Petrus Veremudi, coa aprobación do capítulo que enviaran a don Petrum Iohannes mestre dos conversos, quen este pacto cos preditos homes por copia manuscrita establecera se a eles agrada e se a eles non lles agrada poñeranse baixo o xuízo do señor rei. Os que veñan cinco días antes do día de San Miguel dixo aos xuíces aos xuíces e alcaides e concello: «O prior e o convento envioume antes vós. Se os homes volveran facer arranxo, o convento consideráralo válido. En caso contrario acordo o día que debamos presentarnos en presenza do rei e nomear os nosos vicarios». Entón os preditos homes temendo en verdade tal vez que os frades presentasen a carta de venda da herdade dixeron: «Non queremos o acordo senón o xuízo do señor rei». Entón o procurador dos frades dixo: «Marcade o día e data aos nosos vicarios» e por todo o día ata o ocaso do sol estade pendentes como sinalaren o día e daren vicarios e a declaración e que din en primeiro lugar os homes non quixeron ir tal como aseguraran ao xuízo do rei. Isto estando presentes cando esta acta toda son: Iohannes Petri arquipresbítero de Nendos, os preditos xuíces e alcaides, Petrus Roderici de Brageas², Iohannes

Fernandi, Iohannes Calvus, e Michael Petri carpinteiro, Petrus Iohannes de Illovre e Petrus Iohannis e Pelagius Trilladus e Suerius Pelaz, Iohannes que foi sacristán, frei Petrus mestre de Donbrete, frei Iohannes Paret. Petrus que escribiu.

Despois disto, o procurador dos frades e o mestre de Donbriti e o mestre dos conversos, enviaron a herdade á encomenda dos xuíces e alcaldes e concello da parte do señor rei e dixeron que defenderían aos frades coa predita herdade.

¹ Fálase da vila nova de Betanzos, posterior por tanto ao documento de traslado de 1219 outorgado por Afonso VIII.

² Debe referirse ao lugar de Braxe pertencente a San Martiño de Tiobre. No repertorio do CODOLGA só se rexistra por única vez neste documento.

XXIX

Sen datar (s. XIII). (Loscertales, doc. n.º 473, Tumbo I de Sobrado, fols. 146v.-147v.)

Preito entre os frades de Xenrozo das Cascas e Pelaio Fole e outros sobre terreos en Ripa, Vilar de Riocovo e outros.

DE DOMBRETH

Preito entre os frades de Genrozo e da outra parte Pelagio Fole e as súas xentes sobre unha leira que xace en Ripa¹. Sobre a mesma leira recorriron por ela os homes bos nomeados, Iohanne Aria, Aria Iohannes, Munio Didat, Petro monxe de Bravío e Pelagio Ribeira e frei Guiliber[to] [+10] polo dereito que era de Genrozo e posuíron [+15] de Arias Meyxon e Iohanne Meyxon e de Pelagio Dia[bole] e Pelagio Fole e todas as súas voces, fixeron saber (anunciaron) a mesma leira en cincuenta soldos para que nunca máis estas inquiran en ningún día a herdade de Vilar de río Covo que ten Martino Iohannes e súas xentes que é do condado de Genrozo e outros tres agros da pedra metade de Genrozo e a outra metade de Martino Iohannis e das súas xentes. E baixo a casa de Iohanne Oleyro unha leira marcada, metade dos bispos e outra metade de Genrozo, e en Ripa o agro de Mexeneda² que ten Ruderico Bravo³ que temos por solicitude do abade Didaco de Toebre⁴ e de Petrus de Deus e Petro monxe de Bravío e de Pelagio Martini de Oix⁵, metade de Cinis e metade de Genrozo, e esta escolla foi feita por mandato [+10] dona María e pola presenza de Menendus Pelaz cando procuraron obter o casal de Pelagio Pelagio Pelaz e de Petro Mouro e o formal⁶ de Petro Iohannis e dos fillos de Martino Iohannes e os frades de Genrozo levaron de aló unha meda pola eira de Petro Heres e anunciaron o mesmo agro en cen soldos e despois deu Iohanne Eytat o mesmo agro en préstamo⁷ con outra herdade.

¹ Na transcripción do documento en minúscula, confundíndose cun posible adverbio.

² Segundo Veiga Arias (1983:134-5) Mexeneda sería unha forma xerada por «contaminación», a partir dunha forma galega ameixeira ou ameixeneda que sufriu aférese do a inicial e perda do ditongo. Tamén cabe a posibilidade de que Mexeneda se refira a un antigo posuídor.

³ Ruderico (ou Roderico) Bravo é citado en documento de 1195 (ver apéndice IX) e outro de 1206 (ver apéndice XVII) con propiedades en Ripa. Polo que este documento débese datar entre finais do s. XII e comezos do XIII.

⁴ Reférese a Tiobre.

⁵ Ois, unha das dúas parroquias (Santa María ou Santiago) hoxe pertencentes ao concello de Coirós.

⁶ Formal: «Paredes de una casa arruinada ou inacabada; pardiñeiro.» (Dicionário Estraviz).

⁷ Préstamo («aprestimonio»): «Pensão ou bens tirados das rendas de un beneficio e destinadas á sustenção de un sacerdote.» (Dicionário Estraviz). A palabra «aprestimonio» unicamente se rexistra no CODOLGA neste documento e noutro (nº 495) do tumbo de Sobrado.

BIBLIOGRAFÍA

- ALEMAND, L. A. (1690): *Histoire monastique d'Irlande*, Paris, páx. 387.
- BELLMUNT, O. e CANELLA, F. (1897): *Historia de Asturias*. Gijón.
- CAMDEN, William (1637): *Britain, or Chorographical description of Great Britain and Ireland*, Londres, ed. 1637, vol. 2, p. 151.
- CASTILLO, Angel del: «Sepulturas antropoides», en *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. 13, n.º 151, p. 284, A Coruña, 1923.
- Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA), versión 15 (2018), Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <<http://corpus.cirp.es/codolga>>
- COUCEIRO VICOS, J. L. (2005): «El Asilo Manuel Naveira: el Taj-Majal de Betanzos (una obra de amor y generosidad)», en *Anuario Brigantino* n.º 28, pp. 199-238. Concello de Betanzos.
- DAVIÑA SAIZ, Santiago (2002): «El monasterio de las Cascas (V)», en *Anuario Brigantino* n.º 25, Concello de Betanzos.
- DEL HOYO, Cardenal Gerónimo (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Edición preparada por Á. Rodríguez González e B. Varela Jácome. Porto y Cia. editores, Santiago.
- Dicionário Estraviz, www.agal-gz.org/estraviz
- ERIAS MARTÍNEZ, A. e VEIGA, X. M. (2001): *Betanzos fotográfico. Imaxes dos séculos XIX e XX*. Excmo. Concello de Betanzos. Arquivo Municipal.
- GARCÍA ÁLVAREZ, M. Rubén (1975): *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media*. Edt. Pico Sacro, Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ, Julio (1944) (1945): *Alfonso IX*. Volume I, 1944; volume II, 1945. Madrid.
- HONNORAT, S.-J. (1946): *Dictionaire provençal-français ou Dictionnaire de la lengua d'Oc ancienne et moderne*, par ..., Digne.
- LAMIGUEIRO, J.L. (2018): «Genealogía de los Andrade (1100-1300)». *Cátedra*, Revista Eumesa de Estudios, n.º 25, pxs. 221-264.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1899): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo II. Santiago.
- LOSCERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Vol. I (Tumbo Primero) e Vol. II (Tumbo Segundo). Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. Archivo Histórico Nacional, Madrid.
- LOUZAO PARDO, Ramón (1980): *Léxico jurídico de los tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*. Tesis doctoral. Univ. Complutense de Madrid. Fac.de Filología. Depart. de Filología Latina.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1986): *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*. , Santiago de Compostela, Caixa Galicia-Publicaciones de la Obra Social.
- MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1987): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Facsímile da edición de 1892. Exma. Deputación Provincial da Coruña.
- MONTEAGUDO GARCÍA, Luis (1984): «Etimologías de topónimos coruñeses (II)», en *Anuario Brigantino*, pxs. 33-46, Excmo. Concello de Betanzos.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. e RIVADULLA PORTA, J. E. (1984): *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros. Siglos XV y XVI*. Tomo I. Fund.Caixa Galicia.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R.: «La segunda fundación de Betanzos», en www.cronistadebetanzos.com (consultado: 17-X-2018).
- PALLARES MÉNDEZ, M.ª Carmen (1979): *El Monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*. Deputación provincial da Coruña.
- PALLARES MÉNDEZ, M. C; PORTELA SILVA, E. (2001): «Proyección territorial e influencia social de una institución monástica en la Edad Media: La abadía de Sobrado (952-1300)». *Entre nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*. Santiago de Compostela. pp. 209-241.

- PORTELA SILVA, Ermelindo (1980): *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*. Fundación Juan March. Serie Universitaria.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C. (2008): *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la plena Edad Media*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela, Departamento de Historia Medieval y Moderna. Repositorio da USC.
- TORRES REGUEIRO, X. e GARCÍA GONZÁLEZ, A. (2012): *As fontes no Concello de Betanzos. Unha aproximación histórica e etnográfica*. Asoc. Cultural Eira Vella, Betanzos.
- URGORRI CASADO, Fernando (1982): «Los nombres antiguos de Betanzos y los orígenes de la ciudad», en *Anuario Brigantino*, pp. 60-73. Excmo. Concello de Betanzos.
- VAAMONDE LORES, César (1909): *Ferrol y Puente de Ume*. A Coruña.
- VÁZQUEZ, Juan de Jesús (1966): *Monasterio Cisterciense de Sta. M.^a la Real de Sobrado*. Impr. Moret, A Coruña.
- VEIGA ARIAS, Amable (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Edt. Galaxia, Vigo.
- VERÍN Y SEIJAS, Manuel Antonio (1814): *Reseña topográfica, histórica y etimológica de la muy noble leal y antigua ciudad de Betanzos....*, manuscrito. Arquivo Municipal de Betanzos.
- VICETTO, B. (1871): *Historia de Galicia*. Tomo V, apéndice, Ferrol.



Selo rodado de 1219.

NOTA:

A base deste traballo está nunha serie de artigos divulgativos publicados polo autor na publicación mensual *Betanzos e a súa comarca* entre outubro de 2018 e abril de 2020 e na conferencia impartida o 10 de decembro de 2019, co título «Betanzos e Untia a comezos do s. XIII», no marco das Xornadas da Historia organizadas en Betanzos pola Asociación Cultural Eira Vella no edificio Arquivo.